

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Conde, Lorena, *Santa Inés*, Pontevedra: Urutau Editora, 2019, 56 pp. (ISBN: 978-85-7105-167-6).

Volume de Lorena Conde (Ponte Sampaio, 1980), que rompe coa historia de Santa Inés. Cun marcado ton poético neste texto de dramaturxia, explícase como unha avoa lle transmitiu os valores do sistema eclesiástico á súa neta e representa como unha nena á que se lle transmitiron este valores, convive e á vez se afasta deste sistema de crenzas e tradicións relixiosas.

Referencias varias:

- Montse García, “Lorena Conde”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Otros actos hoy*”, “*Publicaciones*”, 22 decembro 2019, p. L10.

Informa da presentación do libro *Santa Inés* de Lorena Conde no Modus Vivendi en Santiago de Compostela o 22 de decembro.

Lama, Xavier, *Na miña alma ouvea un lobo*, I Premio Laudamuco, Santiago de Compostela: Positivas, col. Laudamuco, agosto 2019, 74 pp. (ISBN: 978-84120-18-42-4). ♦

Escrito por Xavier Lama e baseado nuns acontecementos reais, *Na miña alma ouvea un lobo* narra a historia da infiltración por parte das forzas de seguridade do Reino Unido nos movementos activistas ecoloxistas e antinucleares, adoptando a identidade de nenos falecidos. Un destes policías é Julian Manning, quen adopta a identidade de Mark Evans e entabla unha relación sentimental con Jenny, unha das activistas. A trama segue a Julian mentres se move entre as súas dúas identidades, a vida familiar coa súa muller e o romance con Jenny e o labor de espionaxe. Trátase dunha historia na que todos os personaxes acaban derrotados, vítimas do sistema e dun destino que non son capaces de alterar. A trama nárrese mediante escenas dialogadas e outras que funcionan coma monólogos nos cales os personaxes expresan os seus sentimentos e preocupacións, todo isto acompañado dunha representación moi baseada no audiovisual.

Recensións:

- Mario Regueira, “Infiltrados”, *Sermos Galiza*, “*fóradoxo*”, “*ao pé da letra*”, 5 setembro 2019, p. 6.

Recolle unha sinopse do argumento principal da obra dramática *Na miña alma ouvea un lobo* de Xavier Lama. Indica que se trata da recreación dunha historia sobre a infiltración da policía en diferentes movementos sociais a través dos personaxes e Mark e Jenny.

Tamén alude ao transfodo deste argumento, en tanto que trata de reflexionar sobre os límites éticos destas prácticas policiais.

- Armando Requeixo, “O ouvear do lobo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella” / *Diario de Ferrol*, “Nordésia” / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1113, 10 novembro 2019, p. 30.

Destaca a versatilidade do autor Xavier Lama e numera os distintos premios literarios que ten alcanzado, con especial atención á concesión do I Premio Laudamuco para a creación dramática pola obra *Na miña alma ouvea un lobo*. Informa de que nesta peza nos presenta a historia dun policía que actúa como axente secreto ao servizo da coroa británica para conseguir información coa que desartellar grupos ecoloxistas, para o que terá que iniciar unha relación amorosa cunha membro destes colectivos.

- Manuel F. Vieites, “Infiltrados. Un drama documental”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 735, “Libros”, 5 decembro 2019, p. VI.

Informa de que xa está publicada a obra gañadora do I Premio Laudamuco para a creación dramática, da autoría de Xavier Lama e baixo título *Na miña alma ouvea un lobo*. Reflexiona sobre os dous niveis de lectura que ten a trama; por unha banda a perspectiva subxectiva asentada nas vivencias provocadas por unha experiencia traumática que pasan os personaxes; e pola outra a construción dunha trama que recorda a un episodio real de represión policial brutal efectuado pola policía británica.

Pérez, AveLina, *Ás oito da tarde, cando morren as nais*, Vigo: Xerais, col. Biblioteca dramática galega, maio 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-9121-530-1). ■

Escrita por AveLina Pérez, *Ás oito da tarde, cando morren as nais* presenta a seis personaxes, ACTRIZ e PÚBLICO 1,2,3,4 e 5. A natureza abstracta dos personaxes relaciónase coa trama que presenta a obra. Esta non é unha trama ao uso narrándose nela a relación entre o público e a actriz e as valoracións que estes fan tanto dela como do espectáculo. Ao mesmo que fan isto, relatan os absurdos sucesos da súa vida. Dende a anécdota do neno disfrazado de coello ao home que abandona sempre a unha muller ás sete da tarde e a visión da guerra nun prato de ravioli con queixo, as situacións absurdas van crescendo até chegar á conclusión da obra, tratando a pluralidade e amorfidade da masa que é o público.

Recensións:

- Mario Regueira, “Máis aló do texto”, *Sermos Galiza*, n.º 350, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 13 xuño 2019, p. 6.

Comeza destacando a importancia do apoio institucional á edición literaria en galego, con especial atención aos premios literarios, repasando a traxectoria do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais. Continúa falando da obra gañadora do ano pasado e do sorprendente que resulta que obras dun marcado carácter posdramático obteñan este tipo de galardóns. Finaliza destacando o papel transgresor de *Ás oito da tarde, cando morren as nais* dentro do panorama da dramaturxia galega actual.

- Afonso Becerra de Becerreá, “A desacomodadora do teatro”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”, “Teatro”, xullo 2019, p. 85.

Afonso Becerra de Becerreá fai unha recensión da obra dramática *As oito da tarde, cando morren as nais*, de Avelina Pérez, onde realidade e ficción se mesturan, vida e teatro. A obra afonda nas miserias que rodean aos seus personaxes, actores, sobre todo, cando estes van ensaiar ou representar as súas obras, ás oito da tarde. Nas seguintes palabras de Becerreá atopamos a súa postura con respecto á perspectiva de Avelina Pérez: “Brincar en serio co xogo do teatro da vida no teatro que se estimula dende o papel, nas pezas de literatura posdramática, é un dos xeitos máis lúdicos de espertar conciencias e mover os marcos”.

- Ana Abad de Larriva, “O espectáculo e o público”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 83-84.

Reflexión sobre a obra de Avelina Pérez *As oito da tarde, cando morren as nais*, gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais en 2018, que presenta o transcurso dunha representación teatral no que o foco está posto sobre o xuízo dos espectadores ante o que están presenciando. A obra busca enfrontar ao lector/espectador consigo mesmo e coa súa reacción á historia e tamén reflectir a sociedade que representa.

VV. AA., *Berberecheira. Laboratorio de creación escénica de Chévere*, Santiago de Compostela: Chévere, col. Ultratextos Documenta, xaneiro 2019, 157 pp. (ISBN: 978-84-09-08813-3).

Berberecheira. Laboratorio de creación escénica, de Chévere é unha obra que engloba tres relatos, todos eles relacionados coa actualidade galega. Os relatos son *Goldi libre*, *Salvador* e *Anatomía dunha serea*. O primeiro narra a historia de César Goldi, antimilitarista que estivo no cárcere debido á súa oposición á mili. *Salvador* trata de Borja Fernández, que rastrea o pasado do seu avó Benito Fernández, quen emigrou ao Brasil abandonando a súa familia. *Anatomía dunha serea* narra a historia de Iria Pinheiro, denunciando a violencia obstétrica que sufriu no nacemento do seu fillo e as consecuencias desta. Os tres relatos están protagonizados en escena polas persoas reais que se atopan nos relatos, convertíndose estes en algo profundamente persoal. A posta en escena mezcla o espectáculo co audiovisual e elementos da performance. Ademais, os tres relatos contan cun prólogo no cal os protagonistas falan de qué os motivou para dar a coñecer as súas historias.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Berberecheira. Un laboratorio de creación teatral", *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 711, “Teatro”, 2 maio 2019, p. VIII.

Informa da publicación do volume *Berberecheira: laboratorio de creación escénica de Chévere* e explica o obxectivo do obradoiro a Berberecheira, onde se inclúe este proxecto. Informa que esta obra recolle tres textos, nomeadamente *Goldi libre*, *Salvador* e *Anatomía dunha serea*, e recolle unha breve sinopse de cada un.

VV. AA., *DramaturXa*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. O papel do teatro, setembro 2019, 452 pp. (ISBN: 978-84-453-5328-8).■

Obra que recolle dez pezas teatrais distintas. En *Cuncas dos nosos ollos*, de Lois Blanco Araúxo, nárrese a historia dunha anciá que, tras morrer, rememora momentos importantes da súa vida pasada en compañía do seu can. En *Albaroque*, de Ana Carreira, unha muller imaxina situacións irrealis mentres constrúe unha parede. A obra esconde unha crítica política e social centrada fundamentalmente no fenómeno da emigración galega. *O ronco do carneiro*, de Santiago Cortegoso, relata a historia de dous rapaces que se coñecen e namoran. Non obstante, a obra vai tomando certo carácter macabro e remata amosando a terríbel realidade dos republicanos no ano 1936. *Vera*, de Eva F. Ferreira, recolle unha conversa entre dúas mulleres sobre a natureza do ser humano, o que supón ser feliz e as desgrazas que acontecen no mundo. *Onde veñen morrer as baleas*, de Ernesto Is, trátase dun monólogo no que o escritor reflexiona sobre a figura de seu pai, un mariñeiro italiano a quen a penas coñeceu, a raíz da aparición dunha balea encallada nunha praia. *Que veñan os cans*, de Zé Paredes, na que tres irmáns van lembrando o pasado atroz de súa nai mentres deciden que facer coa casa desta, que acaba de morrer. *Wonderland*, de AveLina Pérez, reflicte como afecta a construción dun polígono industrial en terras de man común aos habitantes do lugar, que rematan por volveirse tolos. *O péndulo*, de Marta Pérez, que recolle a definición de “identidade galega” segundo diversos persoeiros mentres se narran sucesos da Galicia de 1936. Trátase dun documental que recolle vivencias reais. *Lar*, de Rosa Puga Davila, narra como un ancián escolle olvidar fragmentos dolorosos do seu pasado para seguir a súa vida na chamada “Casa dos Vellos”. *Bic*, de Gloria Rico, recolle a presentación dunha exposición de arte que lle vai lembrando ao público trazos da súa identidade como parte do pobo galego

Referencias varias:

- María Ayala, “O Museo Centro Gaiás converterase en cidade de Nadal cunha árbore xigante”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 decembro 2019, p. 29.

Informa que a Xunta e Edicións Positivas deron a coñecer no CulturGal deste ano a publicación de *DramaturXa*, novo volume da colección do Centro Dramático Galego ‘O papel do teatro’, que reúne dez dos textos xurdidos no grupo de traballo que en 2018 coordinou o director e autor Manuel Lourenzo para a compañía pública.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Francisco Roel, Salvador, *Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña (1707)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Catálogo Xeral, n.º 376, outubro 2019, 186 pp. (ISBN: 978-84-8487-456-0).

Exemplar descuberto por Julio González Montañés dunha obra representada na Coruña en 1707 e impresa en Santiago de Compostela entre 1708 e 1712. É unha obra de teatro en verso na que participan tres homes e tres mulleres que reciben a nova do nacemento do príncipe herdeiro de Felipe V no contexto da Guerra de Sucesión. O volume conta cun “Contexto histórico, teatral e festivo” realizado polo propio Julio González Montañés, cun “Estudo literario”, da man de Anxo Angueira e cun “Estudo lingüístico” realizado por Ramón Mariño Paz, ademais da edición da propia peza realizada por este último, Mariño Paz.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “Ao feliz e real parto da nosa raíña. Noticia de Salvador Francisco Roel”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 740, “Escena”, 28 novembro 2019, p. VIII.

Faise eco da recuperación polo profesor Julio González Montañés do texto teatral *O entremés*, publicado por Laiovento e con estudos de González Montañés, Ramón Mariño Paz e Anxo Angueira, que serven para situar o texto no seu contexto e instan á reformulación historiográfica dos *Séculos Escuros*. Explica que é un texto escrito en octosílabos con rima asonante nos pares e dividido en dúas grandes escenas. O argumento central é a celebración do nacemento do fillo do rei Felipe.

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

MacDonagh, Martin, *O home traveseiro*(*O Homem Travesseiro*), trad. Manuel F. Vieites, Vigo: Galaxia, col. ESAD, maio 2019, 172 pp. (ISBN: 978-84-9151-301-8). ♦ Tradución galega de Manuel F. Vieites dunha obra en inglés de Martin McDonagh dividida en tres actos. No primeiro dá comenzo un interrogatorio no que os policías Tupolski e Ariel preguntan de xeito violento e insistente a un home, Katurian, por varias historia das que é autor, que describen maltratos a nenos que rematan moitas veces ca morte destes. A sorpresa vén cando os inspectores revelan que os contos de Katurian coinciden con dous asasinatos que tiveron lugar na realidade, engadindo tamén que están a buscar o corpo dunha terceira nena desaparecida. O escritor, que vive co seu irmán Michal que padece unha discapacidade cognitiva, nega en todo momento a relación cos crimes e pide ver ao seu irmán que está a ser interrogado nunha sala contigua. Finalmente, descóbrese que os pais de Katurian maltrataban a Michal para favorecer a creatividade do primeiro, provocando deste xeito os danos cognitivos do segundo, motivo polo cal Katurian asasina aos seus pais. No segundo acto Michal e Katurian atópanse nunha cela, á espera de ser executados polos crimes dos nenos dos que foron acusados, onde o primeiro confesa ser verdadeiramente culpábel. Sentíndose responsábel dos actos do seu irmán, Katurian asasínoa unha vez que averigua o paradiro da terceira nena e chama polos inspectores para declararse culpábel dos feitos. No terceiro acto, Katurian escribe unha confesión a cambio de que as súas historias non sexan destruídas polos policías. Non obstante, a terceira nena é atopada viva e os inspectores comprenden que non están ante o verdadeiro culpábel. De todas formas, executan a Katurian, que morre crendo que as súas historias van ser queimadas, pero Ariel gárdaas xunto con outras probas do caso.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O escritor e os seus labirintos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 21 xuño 2019, p. 10.

Fai un breve repaso das últimas publicacións da escrita dramática en galego e detense nas traducións feitas por Manuel F. Vieites, con especial atención á última publicación, *O home traveseiro*, unha peza de 2003 do angloirlandés Martin McDonagh. A propósito desta peza recolle unha breve sinopse do seu argumento principal e reflexiona sobre a idea central en torno á que xira a trama, nomeadamente a responsabilidade dun escritor ante a sociedade que recibe a súa obra.

Referencias varias:

- B. L., “O home traveseiro”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 188, 16 xuño 2019, p. 4.

Presenta a obra resumindo de xeito breve o argumento e destacando a Martin MacDonagh como un dos autores dramáticos máis relevantes da escena británica e irlandesa.

Shakespeare, William, *Ao voso gusto. Medida por medida* (*As you like it. Measure for Measure*), trad. Miguel Pérez Romero, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Catálogo Xeral, n.º 367, febreiro 2019, 250 pp. (ISBN: 978-84-8487-437-9).

Volume que recolle dúas comedias de William Shakespeare: *Ao voso gusto* e *Medida por medida*, vertido ao galego por mediación de Miguel Pérez Romero. A primeira delas, *Ao voso gusto*, é unha comedia romántica e xuvenil na que varios personaxes vítimas de inxustizas foxen da corte e coinciden no bosque de Arden. A segunda, *Medida por medida*, presenta uns personaxes no límite da traxedia que levan á catalogación desta obra como traxicomedia. Ambientada en Viena, o duque da cidade decide retirarse durante un tempo e nomear para as súas funcións como representante a un home de gran moralidade, Ánxelo, pero en realidade, en vez de retirarse, decide disfrazarse de frade e espreitar as accións de Ánxelo.

Recensións:

- R. L., “Ao voso gusto medida por medida”, *El Progreso / Diario de Pontevedra*, “*Táboa redonda*”, 12 maio 2019, p. 4.

Recolle unha sinopse do volume *Ao voso gusto. Medida por medida* que recolle esas dúas comedias de William Shakespeare, traducidas ao galego por Miguel Pérez Romero. Da primeira di que é unha comedia romántica e pastoril, onde varias personaxes foxen de múltiples inxustizas. Da segunda di que é unha traxicomedia en contexto urbano na que se narra como o Duque de Viena trata de por fin á crecente libertinaxe sexual.

III.4. ANTOLOXÍAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

III.5. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “recensións” e “referencias varias”.

III.5.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

Aguíño, XIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguíño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2019 celebrouse entre o 9 e o 20 de novembro e contou coa participación das seguintes compañías: O Aturuxo de Melpómene, con *Algo pasa con Paco*; Charamela, con *Pode ser calquera*; Teatro de Cuntis, con *Intocables*; e SCR A Pombiña Teatro, con *Defectos de fábrica*.

Referencias varias:

- Suso Souto, “Aguíño presenta una Mostra de Teatro de carácter solidario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Barbanza. Noia”, 3 novembro 2019, p. 35.

Dá conta da programación da undécima edición da Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño, adicada, nesta ocasión, a recadar fondos para a Asociación TDAH Salnés.

Agustín Magán, XVIIIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2019, celebrada entre o 30 de outubro e o 3 de novembro, contou coa participación das compañías teatrais Nova Escena, con *As fillas de Eva*; Avelaiña Teatro, con *A Lola*; Disfunción Continua, con *Departamento de selección*; Gargallada Teatro con, *O xogo de Versalles*. Tamén se representou para o público infantil a peza *O pequeno poni*, de Petanaporta.

Referencias varias:

- Montse García, “El teatro aficionado llena el Principal hasta el domingo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 30 outubro 2019, p. L10.

Dá conta da programación da edición deste ano do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, anunciando as datas de celebración e o título dos cinco espectáculos que se van a representar.

ALT.16, XVIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo coma en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal, a Casa das Arte, o Museo de Arte Contemporánea (MARCO) ou a Casa Arines, sé do Instituto Camões. No ano 2017 celebrouse a edición de despedida, a última, tras dezaseis anos de actividade, dende o 10 até 13 de marzo e contou con actuacións de teatro, danza e performances. Contou coa presenza de Sonia Gómez, con *Bailarina*; Begoña Cuquejo, con *Bailarina hipnótica*; Masu Fajardo, con *Sujeto visible – sujeto invisible*; Matarile Teatro, con *Antes de la metralla*; e Marco Celeste González, con *Wakefield Poole: Visiones y revisiones*, que merecera o premio da crítica 2015 de Barcelona ao mellor só de danza.

Alter Ego, IVº Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación Teatral Criaturas coa colaboración do Concello de Rianxo. A edición de 2019 tivo lugar os días 18, 19, 25 e 26 de outubro no auditorio e na biblioteca municipal. Contou coa presenza das compañías Xarope Tulú, con *Estrafalaria*; Teatro Muxicas, con *O inspector*; Agrupación Teatral Mariñán, con *Insania*; e Estudio de Teatro Casahamlet, con *Xente de pálida pel*. Para o público infantil contou coa presenza de Celtia Figueiras, con *Gale, Historia da lingua*; Regueifeiros de Galicia, con *Regueifando*; e Miguel Alonso, con *Cambia o conto*.

Alxén, XXª Xornadas de Teatro de

Organizadas pola Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2019, que se celebrou os días 24, 25 e 26 de maio no centro cultural da localidade, contou con monólogos, música e teatro. Participaron os grupos de teatro PetanaPorta con *Ai, Carmela*; O Faro da Forna, con *Aquí non paga ninguén*; e o grupo Ata Sempre de Alxén coa estrea de *Herdeiros*. Tamén se representaron as pezas, para público infantil, *Durminte*, a cargo do grupo de teatro infantil Ata Sempre (pertencente á Asociación organizadora) e *A Princesa feia*, do grupo de teatro Infantil Tuka Tuka de Monção (Portugal).

Ames, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2019 celebrouse dende o 8 de novembro até o 15 de decembro e contou coa participación das compañías galegas Asociación Club de Maiores de Boqueixón, coa peza *Urxencias*; Grupo de Teatro Down Compostela, con *Todos os camiños levan a Santiago*; e

Aquelando Teatro de Muros, con *Bailamos*; e para público infantil a Escola Municipal de Teatro de Ames, con *Criaturas*.

A Rúa, X Xornadas de Teatro Afeccionado

Organizadas pola Asociación Cultural A Ruada co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello da Rúa (Ourense). A edición de 2019 celebrouse entre o 3 de novembro e o 1 de decembro cunha representación cada domingo. Participaron as compañías Augas do Sil de San Clodio coa peza *Princesa busca pretendiente*; Candea de Viana con *Axencia Matrimonial A Media Laranxa*; Namarella Teatro de Verín con *WC (O Baño)*; e a Ruada con *O Cantar do Estudante*. Tamén contou coa presenza do grupo portugués TEF Chaves coa peza *A Fantástica Caixa Máxica*.

Referencias varias:

- Mónica G. Bellver, “Un proxecto consolidado”, *O Sil*, n.º 282, “Cultura”, 5 decembro 2019, p. 33.

Dá conta da programación da décima edición das Xornadas de Teatro da Rúa así como do éxito e da afluencia de público de cada espectáculo.

Arzúa, Ciclo de Teatro Outono a escena de

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2019 celebrouse entre o 5 de outubro e o 22 de novembro, en diferentes lugares do municipio. Participaron as compañías galegas Dínamo Teatro, con *Eu quería casare*; e os monologistas Tito Rober, con *Vida e milagres do zume de laranxa*; e Alberte Montes, con *Albertadas*. Tamén contou coa participación da compañía foránea Ábrego Producciones (Cantabria), con *La novia del viento*. Para o público infantil contou coa contos Pedro Bugarín, con *Maxia de catro a catro*; e as compañías Elfante Elgante, con *Danza da choiva*; Fantoques Baj, con *Auga que non vas beber*; Magín Blanco, con *Gatuxo*; Teatro Avento, con *Umm!*; Xarope Tulú, con *Nómades*; e Malasombra Produccións, con *Nós. A historia de Galicia*.

Begonte, VIIº Ciclo de Teatro de

Organizado pola Asociación Cultural Castiñeiro Milenario coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do proxecto Buxiganga. Na edición de 2019, que se celebrou os días 21 e 28 de outubro e o 9 de novembro, as pezas representadas eran para público familiar: *Que cousas pasan no Camiño!*, de A Adala Infantil, *Comedia Bífida*, a cargo do grupo Toupouroutou Teatro; e *Contos e lérias*, de Vero Rilo.

Betanzos, Xº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos dende o ano 2010. A edición de 2019 celebrouse durante os sábados do mes de febreiro na Aula

Municipal de Cultura Xulio Cuns (planta baixa do Liceo). Contou coa participación das compañías galegas A. C. Faíscas, coa peza *Un fiambre, unha rosa e un cancán*; Gargallada Teatro, con *O xogo de Versailles*; e a Agrupación Teatral Mariñá, con *Insania*; e da compañía foránea Allegro Teatro, con *Año 0 Antes de Cristo*.

Boqueixón, IXº Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Boqueixón. A edición de 2019 realizouse durante o 17 de novembro e o 14 de decembro na casa da Cultura de Camporrapado. Contou coa representación das pezas *Rosenda, unha criada indecente*, do Grupo de Teatro Licor Café; *Pode ser calquera*, do Grupo de Teatro Charamela; *Invisibles*, de Redrum Teatro; *Urxencias*, do Club de Maiores de Boqueixón; e *Criaturas*, do Grupo de Teatro do Concello de Ames.

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Teatro de Outono en Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 12 novembro 2019, p. 38.

Dá conta da celebración dunha nova edición do Ciclo de Teatro de Outono de Boqueixón así como da súa programación, entre a que cita a posta en escena das pezas *Rosenda, unha criada indecente*, *Pode ser calquera* e *Invisibles*.

Buxiganga, XIº Circuitos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2019, celebrada no salón de actos do colexio de Castroverde e na casa da cultura da localidade, participaron 32 compañías de teatro da provincia e leváronse a escena as seguintes pezas para público infantil e familiar: *O Muro*, de Grupo Humorístico Trípod; *As Consultas Do Doutor Baldomero Bautista*, de A Rabela Teatro; *Enciclopedia Álvarez*, de Colectivo Cultural Ollomao; *Cena familiar*, de O Torques; *Menciñeiro á forza*, de Os Baluros; *Unha noite de primavera sen sono*, de Os Trocos; *O gardián da árbore dos desexos*, de A Mariña; *O silencio do badal*, de Ardora; *Toluras de proveito*, de O Bordelo; *O feitizo* de Argalleiras de Teatro; *Madialeva*, de Sacarina; *Sintrón nin són*, de Centro Teatral Faro-Miño; *Comeza a función*, de A Adala; *Que cousas pasan no camiño*, de A Adala infantil; *Bicos de vinagre*, de O Batán; *El Guindilla*, de O Centiño; *Matías está tolo*, de Pico do Castro; *Un divorcio no pobo*, de Axóuxeres; *Comedia bifida*, de Touporroutou Teatro; *As fillas de Eva*, de Nova Escena Teatro; *Borralliña*, de Os Palimoquiños; *O Lazarillo do Miño*, de Os Pinchacarneiros; *O achado do Castro*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde; *Improvincia*, de Curuxan Teatro Impro; *Soños*, de Grupo de Teatro Down; *Hotel Desencanto*, de Hipócrita Teatro; *A meiga no palleiro do galo castiñeiro* de Ti e máis Eu Teatro; *Sucesos*, de Grupo de Teatro Viraventos; *Pros e Contras*, de Teatreiras; *G-13*, da Escola de Teatro Falcatrueiros; *As pastillas de Farruco*, da Asociación Cultural Abrente; *No berce dos contos*, de Alentía Teatro; *Na procura dun traballo*, de Metáse Teatro; *Noite de Reis*, de Lume Escénico; *Princesa busca*

pretendente, do Grupo de Teatro Augas do Sil; *Delicadas*, de Rebuldeira Teatro; e *Casa Macho*, de Obra Viva.

Caldas de Reis, Ciclo Teatro de Outono

Organizado polo Concello de Caldas de Reis. A edición de 2019 tivo lugar no Auditorio Municipal durante os días 6, 20 e 27 de outubro. Contou coa presenza das compañías Malasombra, con *D.E.P.*; e a Asociación Chumpá Teatro, con *Os intocables*. Para o público infantil contou, de novo, coa compañía Malasombra e o seu espectáculo *Os Ronquenstein*.

Referencias varias:

- Fernando Salgado, “El ciclo Teatro de Outono propone la reflexión a través de tres comedias”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, “Vivir en Caldas”, 2 outubro 2019, p. 2.

Dá conta da posta en escena de tres comedias no Auditorio Municipal de Caldas de Reis no marco da programación do ciclo Teatro de Outono organizado por este Concello.

Cambados, Ciclo de Teatro Adulto

Organizado polo Concello de Cambados. A edición de 2019 tivo lugar no Auditorio municipal durante o mes de outubro os domingos, a diferenza de edicións anteriores nas que se celebraban os sábados. Contou coa presenza das compañías Estudio do Momento, con *Macbeth*; Contraproducións, con *A compañeira de piso* e *Fillos do sol*; e Teatro da Ramboia, con *O meu mundo non é deste reino*.

Camiño Escena Norte

Organizado polas asociacións Escena Galega, EscenAsturias, Acepae e Eskena como un proxecto de intercambio cultural que toma o roteiro histórico do Camiño de Santiago do Norte como referencia para que compañías teatrais de Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco percorran este itinerario para ofrecer espectáculos gratuitos. A primeira edición, celebrada entre o 20 de setembro e o 13 de outubro de 2019, contou cunha intensa programación escénica que incluíu espectáculos de teatro e danza, encontros, talleres, exposicións ou xornadas profesionais, no que mostrou a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica destas comunidades. En Galicia fixeron paradas en Ribadeo o 22 de setembro, en Mondoñedo o 28 de setembro, en Lugo o 3 de outubro, en Vilalba o 5 de outubro, en Arzúa o 6 de outubro, en Sobrado dos Monxes o 12 de outubro e en Santiago o 11 e 13 de outubro. Participaron as compañías Teatro del Cuervo (Asturias), con *Bojiganga* en Ribadeo e Mondoñedo; La Tejedora de Sueños (Asturias), con *Como ceniza blanca sobre una hoguera* en Lugo e Santiago; Teatro Gorakada (País Vasco), con *Ulisesen bidaia (El viaje de Ulises)* en Vilalba; Ábrego Producciones (Cantabria), con *La novia del viento* en Arzúa; Espacio Espiral (Cantabria), con *Beatus, visiones del Apocalipsis* en Sobrado dos Monxes; e Hika Teatrea (País Vasco), con *Sagartu* en Santiago.

Referencias varias:

- Montse García, “Remata a peregrinaxe teatral polo Camiño do Norte”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Camiño Escena Norte”, 9 outubro 2019, p. L9.

Informa do peche do Camiño Escena Norte despois dun mes de espectáculos polas distintas comunidades polas que pasa o Camiño do norte na cidade de Santiago de Compostela co espectáculo *Sagartu* da compañía vasca Hika Teatroa.

- Montse García, “Oito espectáculos en sete localidades galegas dende o 22 de setembro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Camiño Escena Norte”, “A iniciativa”, 9 outubro 2019, p. L9.

Recolle un brevísimos repaso da celebración da primeira edición do proxecto Camiño Escena Norte, con especial fincapé nas representacións que tiveron lugar nas distintas localidades galegas polas que pasa o Camiño do Norte.

Cangas, XXXV^a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Fundada en 1984 pola Asociación Cultural Xiria. Organizada pola Asociación Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Ningures Producción. Está actualmente patrocinada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais de exposicións, obradoiros, encontros e eventos como o “Revoltallo en Pedra”, no que se dan cita moitas das asociacións culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas “Mulleres en Acción” (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entréganse anualmente o Premio “Xiria”, co que se destaca o labor teatral dunha persoa ou a traxectoria dunha agrupación, que este ano recaeu en Marcelino de Santiago e Isabel Rey; e o Premio “Mulleres en Acción”, que recaeu este ano en María Xosé Vilar. A edición de 2019, celebrada do 28 de xuño ao 6 de xullo, contou coa participación das compañías galegas Aporía Escénica e Theatre of Ancients, con *A illa das matriarcas*; Muuu e Muestra, con *Crunch*; MITCFC e Teatro Tío Teixo, con *Proxecto Cuco. Cultura contra o cambio climático*; e Quico Cadaval, con *Vacas, guerras, porcós e cregos*. Tamén se contou coas compañías foráneas Nueve de Nueve, Las polis dúo clown, Maintomano, Théâtre du mouvement e La Mecànica, e Teatro del Barrio.

Referencias varias:

- Joaquín Abrales, “Teatro y humor inundarán Cangas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Morrazo”, 10 xuño 2019, p. 12.

Dá conta, de forma minuciosa, de toda a programación da edición número 36 da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, informando das distintas postas en escena, das charlas e coloquios ou dos actos de entrega dos distintos premios.

- Fernando Franco, “¡Buen humor tengan en Cangas vuestras mercedes!, *Faro de Vigo*, “*estela*”, “La última”, “Sálvese quien pueda”, 30 xuño 2019, p. 12.

Recolle un breve repaso pola traxectoria da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas nos seus 36 anos de vida e informa sobre os primeiros espectáculos que se puxeron sobre as táboas na edición deste ano, destacando a peza *Vacas, guerras, porcos e cregos* de Quico Cadaval.

- Manuel F. Vieites, “Teatro do Morcego. Memoria e patrimonio da escena nosa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 720, “Teatro”, 4 xullo 2019, p. VIII.

Fai un breve repaso pola traxectoria da compañía Teatro do Morcego a propósito da inauguración da exposición *30 anos de luz na cova dos morcegos* no marco da celebración da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- Manuel F. Vieites, “Da importancia da educación tatral. Arredor da Mostra de Cangas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 722, “Teatro”, 18 xullo 2019, p. VIII.

Reflexiona sobre importancia da educación teatral e de como a Mostra de Cangas é un claro exemplo disto, destacando o papel do festival ante a inacción das administracións públicas. No tocante á educación teatral, resáltase o feito de se organizasen distintos espazos onde se puido falar do papel das mulleres nas artes escénicas ou das distintas análises da situación actual do teatro galego. Faise alusión á participación de Fernando Dacosta, Rosalía Fernández Rial, Vanesa M. Sotelo ou Xoán Carlos Riobó.

Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol, coa colaboración da Deputación da Coruña e coordinado por Ti e Máis Eu Teatro. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e durante a celebración outórgase o Premio do Público. A edición de 2019 tivo lugar durante os domingos, dende setembro até maio. Contou coa presenza das compañías Teatro A Pombiña, con *Reinserción*; A Tenencia Teatro, con *Esceas escollidas*; Teatro Escoitade, con *Un hotel de primeira sobre o río*; A Adala, con *Elixir de xuventude*; Sal-Monela, con *Politicamente incorrecto*; Porta Aberta, con *Get back*; Teatro Rueiro, con *O Avarento*; Teatro do Ar, con *Sucedaneo*; Nova Escena Teatro, con *Os fillos de Eva*; Axóuxeres Teatro, con *Non casei con todos*; Teatro Muxicas, con *O inspector*; Teatro Fantasía, con *Historias e contos da aldea*; Atrezo Teatro, con *Non hai unha sen dúas*; Teatro ASCM, con *La maravilla de lo diverso*; Crucía Teatro, con *Os líos do taxista*; e Max Teatro, con *Rutinas*.

Carballiño, XXXº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Creado no ano 1989 na localidade ourensá do Carballiño. Organizado pola Asociación Cultural FETEGA, coa colaboración do concello do Carballiño, a Deputación de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2019 levou o nome de “Celso Parada” en homenaxe ao recentemente falecido dramaturgo, actor e director. Celebrouse entre os días 2 e 6 de setembro no Auditorio Municipal e no anfiteatro exterior, e presentou como novidade a entrega dos “Premios Dorotea Bárcena”. Leváronse a escena as pezas *Catro segundos*, da compañía ÍO; *Compañeira de piso*, de Contraproducións; *Cartoons*, de Excéntricas; *Curva España*, de Chévere.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “O festival de teatro capta tamén a atención na rúa”, *La Región*, “Carballiño”, 4 setembro 2019, p. 27.

Informa da programación da segunda xornada do Festival de Teatro Galego de Carballiño.

- E. P., “Miguel de Lira, premio de honor en O Carballiño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 setembro 2019, p. 30.

Informa da concesión do premio de honra que concede o Festival de Teatro Galego (Fetega) a Miguel de Lira pola súa achega imprescindible ao mundo das artes escénicas galegas.

- X. A. Reboiro, “O Festival do Teatro Galego enche a vila de actividades”, *La Región*, “Carballiño”, 3 setembro 2019, p. 25.

Informa da celebración do acto de presentación do Fetega, organizado polo Concello de Carballiño e que contará con espectáculos de butaca e a pé de rúa na súa trixésima edición.

- X. A. Reboiro, “Josi Lage. ‘A asignatura do teatro no ensino faría que os rapaces foran felices’”, *La Región*, “Carballiño”, “La entrevista”, 5 setembro 2019, p. 27.

Recolle unha entrevista á directora do Festival do Teatro Galego Josi Lage a propósito da celebración da edición número trinta deste encontro teatral. Lage responde a preguntas relacionadas coa situación actual do Fetega e do teatro galego en xeral, así como do papel que debería ter o teatro dentro dos currículos educativos.

- X. A. Reboiro, “Las compañías Chévere e IO, premios del Fetega”, *La Región*, “Carballiño”, 8 setembro 2019, p. 29.

Dá conta da entrega do premio de honra do Fetega ao actor Miguel de Lira en recoñecemento á súa traxectoria, así como os premios aos mellores espectáculos a *Curva España* de Chévere e a *Catro segundo* de IO.

Carballo, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2019, celebrada dende febreiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, contou coa participación de Teatro dos Ghazafellos, con *Rubicundo*; Aula de Teatro Municipal de Carballo, con *A bonitísima historia da princesa Maricarmen*; e Baobab Teatro, con *Pum, pum*. Canto á programación para público adulto representáronse as seguintes pezas: *Cranios privilexiados*, de Mofa e Bega; *Dúas donas que bailan*, de Teatro do Atlántico; *Vida de cans*, de Talía Teatro; e *A leituga*, de Eme2 Producións.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Venres Culturais do máis ‘cool’ no inverno carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xaneiro 2019, p. 31.

Recolle a programación do ciclo Venres Culturais organizado polo Concello de Carballo e que contará con máis dunha quincena de propostas.

Cariño, XLIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2019, celebrada entre o 9 e o 21 de agosto, participaron as compañías Paulo Maestro, con *Non hai dous sen trece*; Chévere, con *Curva España*; Teatro do Noroeste, con *As virxes salvaxes*; Excéntricas, con *Medida x Medida*; e Teatro do Atlántico, con *Dúas donas que bailan*; Companhia do Chapiô, con *Electra*. Con espectáculos para o público infantil participaron Galeatro, con *Carabela*; Teatro del Andamio, con *O sal do mar e outros contos mariñeiros*; Producións Excéntricas, con *Cartóons*; Talía Teatro, con *Lambetadas*; Redrum Teatro, con *Contos do recreo*; Circo Chosco, con *Forzu2*; Catropés, con *Animacreques*; e Cía. La Sincro, con *Ohlimpiadas*.

Cee á escena, Vª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2019 tivo lugar no auditorio da casa da cultura dende o 19 até o 25 de agosto. Contou coa presenza das compañías Talía Teatro con *Vida de cans*; Fantoques Baj, con *Auga que non vas beber*; Contraproducións, con *Commedia*; Estudo Momento, con *Macbeth, o ruído e a furia*; Malasombra Teatro, con *Bernarda*; Sarabela Teatro, *Normas apra saber vivir na sociedade actual*; e a Compañía Píscore, con *Concerto con fusión*. Tamén se representou para o público infantil *A casa de Bernarda Alba*, a cargo do grupo xuvenil da Escola Municipal de Teatro.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Talía Teatro abre a Semana das Artes Escénicas de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte. Barbanza. Noia”, 19 agosto 2019, p. 25.

Dá conta do arranque da quinta edición da Semana de Teatro e das Artes Escénicas Á EsCEEa e da programación que se desenvolverá no Auditorio Baldomero Cores.

- M. R. L., “Malasombra presentará hoxe a obra ‘Bernarda’ na Semana de Teatro de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 agosto 2019, p. 30.

Dá conta da chegada ao tramo final da Semana de Teatro de Cee coa posta en escena, entre outras, da peza *Bernarda (Vilalba, 1975)* a cargo da compañía Malasombra.

- M. R. L., “Cambio de obra no peche da Semana do Teatro de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 24 agosto 2019, p. 33.

Informa de que o peche da semana do teatro de Cee non o realizará, por problemas, Culturactiva e a súa peza *Papar sen cancelas*, senón que o fará a compañía Píscore, con *Concerto con fusión*.

- M. R. L., “Contabilizados máis de 1.500 espectadores na Semana de Teatro de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 27 agosto 2019, p. 29.

Recolle información relativa aos altos índices de asistencia cos que contou a celebración da quinta Mostra de Teatro e Artes Escénicas Cee á escena, na que participaron, entre outras, as compañías Talía Teatro e Contraproducións.

Castro de Rei, VIIª Mostra de teatro municipal de

Organizada polo Concello de Castro de Rei e a Escola Municipal de Teatro. Na edición de 2019, que se celebrou entre o 22 e 24 de marzo, participaron a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Unha noite de primavera sen sono*; a Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Divinas palabras*; e a Escola Municipal de Teatro Pontenova, con *Noite de reis*.

Referencias varias:

- C. P. R., “La VII Mostra de Teatro Municipal de Castro de Rei ofrece 3 obras el fin de semana”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 marzo 2019, p. 20.

Dá conta da organización da sétima edición da Mostra de Teatro Municipal de Castro de Rei e aluda á posta en escena da peza *Noite de reis* da man da Escola Municipal de Teatro A Pontenova.

Chantada, XXIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Organizada polo colectivo teatral Faro-Miño do concello lucense de Chantada. Na edición de 2019, celebrada do 19 ao 22 de agosto na praza do Cantón, participaron as compañías galegas Asociación Prodeme, con *Un funeral para morrer de risa*; Agrupación Teatral Pico do Castro, con *Unha novela de policías*; Dartrela Teatro, con *Como medrache*; e Centro Teatral Faro-Miño, con *Sintrón nin son*.

Referencias varias:

- A. L., “La muestra de teatro Maruxa Villanueva tendrá cuatro agrupaciones”, *El Progreso*, “Comarcas”, 3 xullo 2019, p. 11.

Dá conta da programación da vixésimo novena edición da mostra de teatro Maruxa Villanueva de Chantada.

Chapela, VIIº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. A edición de 2019, celebrada entre o 12 de xaneiro e o 9 de febreiro no Auditorio do Multiusos do Piñeiral do Crego de Chapela, contou coa presenza das compañías Agrupación Fedellas, con *A bolboreta Roseta*; Xunco de Parderrubias, con *O fontaneiro e a miña muller*; Sociedade Atlántida de Matamá, con *O enfermo imaxinario*; Misturar T, con *A reunión dos Zanni*; e De Expresión Producións, con *Que é o que precisas?*.

Ciclo Principal, Teatro Rosalía de Castro da Coruña

Organizado polo Concello da Coruña no Teatro Rosalía de Castro e celebrado nas distintas estacións do ano. Na edición de 2017, o ciclo “Outono” celebrouse dende o 22 de setembro até o 23 de decembro. Contou coa presenza das compañías galegas Chévere, con *Curva España*; Redrum Teatro, con *Invisibles*; Limiar Teatro, con *Se fosen turistas levarían gafas de sol*; e das compañías foráneas La Cubana, con *Adiós Arturo*; Micomicón Teatro, con *Donde el bosque se espesa*; e Teatro Kamikaze, con *Jauría*.

Cultura no Camiño, Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2019 desenvólvese nos concellos das rutas xacobeas entre os meses de maio e setembro. Contou coa participación das compañías galegas Cé Orquestra Pantasma, Circo Chosco, Culturactiva ou Viravolta Títeres.

Referencias varias:

- M. Abades, “Cultura no Camiño chegará nesta edición a 79 concellos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 xuño 2019, p. 24.

Recolle información sobre a sétima edición do circuito *Cultura no Camiño* organizado polo Xunta e que na edición deste ano achegará actuacións escénicas e musicais a 79 Concellos galegos.

Daniel Cortezón, XVIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo que recibe o seu nome do escritor ribeirense Daniel Cortezón Álvarez. A edición de 2017, que tivo lugar entre os días 4, 5 e 6 de outubro, contou coa presenza das compañías Os Baluros, con *O menciñeiro á forza*; Metátese Teatro, con *Na procura dun traballo*; e Andaravía Teatro, con *Brincacontos*.

Entreculturas, Xº Festival de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural La Caja de Pandora en colaboración co Concello de Verín. A edición de 2019 celebrouse entre o 5 de outubro e o 2 novembro. Participaron

os grupos de teatro amateur galegos IES Taboada Chivite, con *La bella y la bestia o musical*; A Tecedora de Soños, con *Las nubes de Aristófanes*; Bonobo Teatro, con *Tejas verdes*; As Silvardeiras, con *Frío de Tango*; Teatro Experimental Teb, con *Que medo!*; e La Caja de Pandora, con *O sofá*. Tamén contou coa participación das compañías foráneas Teatro Coelima (Portugal), con *A repartição*; e MDM Producciones (Madrid), con *Los dos gemelos venecianos*.

Escenas do Cambio, VI Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

Festival celebrado en Santiago de Compostela e que inclúe representacións teatrais, música, conferencias, proxeccións e espectáculos de danza. A edición de 2019, celebrada entre o 7 e o 16 de febreiro, contou coa presenza dos e das artistas galegas Melania Cruz, coa peza *Empapelado amarelo*; Celso Fernández Sanmartín, con *A cama do meu avó Manuel Sanmartín Méndez*; e Diego Anido e Borja Fernández, con *O inevitable*. Tamén participaron os artistas foráneos María Salgado e Fran MM Cabeza de Vaca, coa peza *Jinete Último Reino. Fragmento 3*; Motus, con *MDLSX*; Isidoro Valcárcel Medina, con *Subida en tres actos*; Ana Borralho e João Galante, con *Gatillo da felicidade*; Alessandro Sciarroni, con *Chroma (35')*; Tino Shegal, con *Sans Titre (2.000)*; Ligia Lewis, con *Minor matter*; Vera Mantero, con *Tres solos*; François Chaignaud, con *Dumy moyi*; Marco Berrettini, con *Ifeel4*; e Flora Détraz, con *Tutuguri*.

Referencias varias:

- Montse García, “Pablo Fidalgo. ‘Es especial contar en Escenas do Cambio con Esther ferrer e Isidoro Valcárcel’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 6 febreiro 2019, p. L9.

Dá conta do inicio da quinta edición do festival Escenas do Cambio, dirixido por Pablo Fidalgo e celebrado na Cidade da Cultura cunha programación que inclúe dazasete pezas de seis países distintos.

- ECG, “Escenas do Cambio ofrece teatro, danza e arte na Cidade da Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 febreiro 2019, p. 38.

Recolle o programa da quinta edición do ciclo de teatro e danza Escenas do Cambio, destacando os espectáculos de produción galega de Melania Cruz e Tito Asorey, Celso Fernández Sanmartín, e Diego Anido e Borja Fernández.

- Montse García, “Empieza el festival más vanguardista”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 8 febreiro 2019, p. L9.

Recolle información sobre primeira xornada do festival Escenas do Cambio, destacando a performance de Esther Ferrer e o taller Isidoro Valcárcel.

- Montse García, “Celso Fernández Sanmartín. ‘O traballo etnográfico ten sitio na escena contemporánea’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Escenas do cambio”, 9 febreiro 2019, p. L9.

Informa da estrea do espectáculo de Celso Fernández Sanmartín baseado nun poemario seu adicado ao seu avó materno no marco do festival Escenas do Cambio. Trátase da peza *A cama do meu avó Manuel Sanmartín Méndez*.

- Montse García, “Colectivo Marciano Balboa”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Escenas do cambio”, “Programación”, 9 febreiro 2019, p. L9.

Dá conta do debut escenográfico do Colectivo Marciano Balboa no festival Escenas do Cambio coa peza *O inevitable*.

- Montse García, “Una generación en doce relatos personales”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 14 febreiro 2019, p. L9.

Recolle o testemuño dalgúns dos participantes no proxecto escénico experimental *Gatillo experimental*, creado polos portugueses Ana Borrallho e João Galante e desenvolto durante a celebración do Festival Escenas do Cambio.

EstéNarúa, VIIº Festival Galego de Teatro Amador

Festival de teatro organizado pola asociación cultural Ti e Mais Eu Teatro coa colaboración do Concello de Ferrol. A edición de 2019 foi cancelada por motivos alleos á organización.

FIOT, XXVIIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o VII Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. Na edición de 2019, celebrada dende o 27 de setembro e o 1 de novembro, concedeuse o galardón honorífico “Xograresa de Outono” a Patricia de Lorenzo. Canto á programación, as pezas galegas que se representaron nas diferentes salas foron: *Medida x Medida*, de Producións Teatrais Excéntricas; *O electo*, de Contraproducións; e *Fariña*, de Undodez. Doutra banda, o programa Rúa dos Contos contou coas seguintes obras de teatro: *Un conto de michos*, de Pedro Brandariz; e *Chola a it girl*, de ArtesaCía. No marco do FIOT tamén se desenvolveu o FioTEEn, funcións para público infantil que se desenvolven en diferentes centros escolares da vila. Así, a programación do FioTEEn contou con *Por unha peseta*, da compañía Apatacón. Xa por último, no Teatro de Rúa participaron XamPatito Pato, con *Só* e Compañía Sincronizadas con *Oh!Limpidadas*.

Referencias varias:

- M. Lavandeira, “Premios para as escolas de fútbol Luis Calvo, Aloumiños e o Outono de Teatro en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Costa da Morte”, 9 xuño 2019, p. 31.

Dá conta do acto de entrega dos premios a carballés, bergantiñán e galego do ano 2017 concedidos polo Padroado Fogar ao director do FIOT, Alberto Sueiro, na categoría de Galego do Ano.

- Cristina Viu, “El FIOT carballés se suma al #Metoo con Carmen Maura como madrina”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 setembro 2019, p. 34.

Repasa a programación da nova edición do FIOT e destaca que a violencia machista será un dos temas protagonistas deste ano. Tamén dedica atención ao espazo OTNI (Obxecto Teatral Non Identificado), versión alternativa do FIOT adulto.

- José M. Ramos, “Teatro social que convidará a reflexionar dende o FIOT”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 setembro 2019, p. 27.

Dá conta da programación do FIOT deste ano, informa de que se celebrará dende o 27 de setembro até o 1 de novembro e que acollerá 38 espectáculos, con nove estreos entre eles, e dos que Carmen Maura, a Companhia do Chapitô e Jauría serán os pratos fortes.

- M. L., “Saen á venda as entradas e bonos do FIOT carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 21 setembro 2019, p. 33.

Informa da saída á venda das entradas para o festival no Pazo da Cultura de Carballo.

- M. Lavandeira, “Espectáculos de rúa para levantar o pano do Outono de Teatro carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 26 setembro 2019, p. 35.

Informa do arranque do Festival Internacional de Outono de Teatro de Carballo e achega a súa programación, incluíndo espectáculos para o xeral e tamén para o público infantil.

- Marta López, “La irreverente Rúa dos Contos rompe tabúes dende Carballo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2019, p. 35.

Dá conta da programación para a segunda semana do FIOT, entre a que destaca o ciclo Rúa de Contos, que leva o teatro e o humor á rúa e que contará coa participación de Carmen Maura, Martiño Rivas ou María Hervás.

- José M. Ramos, “Estrea no FIOT carballés da obra ‘Medida x Medida’, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 outubro 2019, p. 34.

Dá conta da estrea da peza *Medida x Medida* no Pazo da Cultura de Carballo no marco da celebración dunha nova edición do FIOT. Desta peza destácase o feito de que está coproducida polo propio FIOT con apoio da Xunta e que é unha adaptación dun texto de Shakespeare.

- C. Crespo, “Cadaval e Shakespeare atópanse de novo na encrucillada”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “música”, 4 outubro 2019, p. 3.

Dá conta da estrea da peza *Medida x medida* de Quico Cadaval, quen recrea unha vez máis ao eterno dramaturgo británico William Shakespeare. A posta en escena deste espectáculo enmárcase na celebración do FIOT de Carballo.

- J. M. Ramos, “Arte colectiva nas maletas de ‘O Bululú’ en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 outubro 2019, p. 34.

Recolle información sobre distintas iniciativas culturais na área de Compostela e alude á inauguración da mostra *30 anos de Teatro de Morcego* no marco da celebración do FIOT.

- Marta López, “El FIOT estrena ‘Medida x Medida’, Shakespeare visto por Quico Cadaval”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 outubro 2019, p. 35.

Dá conta da estrea do espectáculo *Medida x medida* que Quico Cadaval dirixe para Producións Excéntricas no marco da celebración do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo.

- Irene Pin, “Patricia de Lorenzo. ‘Chévere ten unha misión social’”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “*fóradeserie*”, 17 outubro 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista á actriz e cofundadora de Chévere Patricia de Lorenzo, a propósito do seu recoñecemento como Xograresa de Outono, no marco dos galardóns outorgados dende a organización da FIOT. A entrevista recolle, entre outras cousas, preguntas sobre os seus comezos na compañía, sobre o que se sente ao gañar un Premio Nacional de Teatro, ou de como augura o futuro de Chévere.

FITEU, XXVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Organizado pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e a Aula de Teatro da USC. Na edición de 2019, celebrada entre o 19 e o 22 de febreiro no Salón Teatro, representáronse as pezas galegas *A muller que tiña medo e marchou vivir ao carrefour*, a cargo da Aula de Teatro da USC; e *Para. Ela*, da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Tamén participaron as compañías estranxeiras da Aula de Teatro da Universidade de Lituania, coa peza *Icarus*; e a Piccola Compagnia Impertinente de Italia, con *The chinese whispers*.

FITEUC, XXVIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña. A edición de 2019, celebrouse entre o 2 e o 25 de abril no Fórum Metropolitano, o Teatro Rosalía de Castro e o Normal. Contou coa participación das compañías Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, coa peza *A muller que tiña medo e marchou vivir ao carrefour*; Aula de Teatro Maricastaña da Universidade de Vigo, Campus de Ourense, con *Implosións, drogas, pasma e outras cousas das que preocuparse*; Aula de Teatro

NORMAL da UDC, con *Accións*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago, Campus de Lugo, con *Permeables*; e Corifeo Teatro da UDC, con *Animaliños “express”*.

FITO, XIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela teatro, co apoio do concello de ourense, a deputación provincial, a universidade de Vigo e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2019 tivo lugar dende o 23 até o 27 de outubro. Contou coa presenza das compañías galegas Artesa, coa peza *Chola a it girl*; e Voadora, con *Hemos venido a darlo todo*. Participaron tamén as foráneas Salvador Collado (Madrid); L’ explose (Colombia); Tresperté Circo Teatro (Andalucía); e Teatro en Vilo (Madrid).

Referencias varias:

- Manuel Xestoso, “O simbólico e o material”, *Sermos Galiza*, n.º 363, “*fóradeserie*”, “teatro”, 12 setembro 2019, p. 7.

Recolle información sobre as problemáticas xurdidas na organización da edición do FITO deste ano a raíz da retirada das axudas e subvencións que, como cada ano, viña achegando o Concello de Ourense.

- Lara Blanco, “El FITO vuelve con una edición de ‘resistencia’”, *La Región*, “Ciudad”, 11 outubro 2019, p. 15.

Informa da celebración da duodécima edición do FITO pese a falta de apoio económicos da administración ourensá e así como da programación coa que se porá en marcha este xa mítico evento.

- S. N., “Un año de cine y teatro”, *La Región*, “*Fin de año 2019*”, “Cultura”, “Eventos”, 31 decembro 2019, p. 7.

Dá conta dos eventos máis importantes realizados na cidade de Ourense en relación ás artes escénicas e ao mundo audiovisual ao longo do ano, entre estes eventos se atopan a Miteu, o FITO e o OUFF

Galicia, XXª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela. A edición de 2019 tivo lugar entre o 22 de abril e o 16 de maio na sala de teatro Roberto Vidal Bolaño, no Salón Teatro e no Teatro Principal. Contou coa participación das compañías Tolemia Teatro, coa peza *Balas sobre Broadway*; Faisca Teatro, con *O que che contei mentres facías que durmías*; Artías Teatro (USC), con *Unha noite de escuras intencións*; Aula de Teatro Universitaria de Vigo, con *Círculo*; Corifeo Teatro (UDC), con *Animaliños*; Artías Teatro (USC), con *Memoria de Helena e María*; Aula Maricastaña de Ourense, con *Implosións, drogas, pasma e outras cousas das que preocuparse*; Aula de Teatro La Barata (USC-Lugo), con *Solo de triángulo en Re. 2º movemento 3ª parte*,

Allegro (pero non tanto); e Tra Tra Teatro (USC), con *Arte*.

Referencias varias:

- T. Montero, “Balas sobre Broadway’ para celebrar 20 anos sobre as táboas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, “Mostra universitaria”, 22 abril 2019, p. L6.

Informa da programación completa do vinte aniversario da mostra de Teatro Universitario que comezará con *Balas sobre Broadway*. Informa de que todas as funcións serán ás 21h e de balde.

- Montse García, “Teatro universitario”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 8 maio 2019, p. L10.

Anuncia a posta en escena da peza *Memoria de Helena e María* na Sala Vidal Bolaño da Universidade de Santiago de Compostela no marco da programación da vixésima edición da Mostra de Teatro Universitario de Galicia.

Galicia Escena Pro, VIIª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2019 celebrouse entre os días 10 e 13 de xuño. Ademais de actuacións de danza, maxia e novo circo, representáronse os espectáculos *A compañeira de piso*, de Contraproducións; *Bernarda*, de Malasombra Producións; *Despois das ondas*, de ButacaZero; *Dúas donas que bailan*, de Teatro do Atlántico; *Idiota*, de Redrum Teatro; *Involución*, de Compañía N+1; *Liberto*, de Marelas Producións; *O empapelado amarelo*, de A Quinta do Cuadrante; *A gala*, de Licenciada Sotelo; *As vacacións máis longas*, de Diego M. Buceta; *Deixa de tocala, Sam*, de AveLina Pérez & Velpister; *Pink Unicorns*, de La Macana; e *Ohlimpiadas!!!*, de Compañía Sincronacidas. Ademais, no apartado de “proxectos en formato pitching”, escenificáronse *C’set pas possible!*, de Marta Iglesias; *Clausura de amor*, de Cámara Negra Producións; *Dreaming Juliet*, de Elefante Elegante; *Ilas desertas*, de Artesa Cía; *Lixo*, de O Baúl da Tía Tola; *Nun cuarto da rotonda*, de Acusmaster Opus; *Os nenos da variola*, de Pérez&Fernández; *Todas as marabillas do mundo*, de Producións Dispersas; e *Voa, voa!*, de Talía Teatro; e para público infantil *A toupiña que quería saber quen lle fixera iso na cabeza*, de A Xanela do Maxín; *Circopeta*, de Odaiko; *Mai Mai*, de Baobab Teatro; e *Ummm!!!*, de Avento Producións Teatrais.

Referencias varias:

- ECG, “Comeza a preparación de Galicia Escena Pro, do 10 ao 13 de xuño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 marzo 2019, p. 37.

Informa de que a sétima edición do mercado Galicia Escena PRO se celebrará entre o 10 e o 13 de xuño baixo a dirección de Agadic e Ecena Galega e contará coa participación de numerosos axentes culturais de Galicia e do resto do estado.

- Montse García, “Escena Pro, en junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 12 marzo 2019, p. L10.

Informa da chegada da sétima edición do Galicia Escena Pro comentando que a novidade deste ano é que comparten a organización Agadic e a asociación Escena Galega.

- Luis Montero, “Todo listo para unha nova Galicia Escena PRO con dúas estreas e máis ‘networking’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xuño 2019, p. 36.

Informa sobre a celebración da sétima edición do mercado Galicia Escena PRO, que este ano contará coa participación de máis de 150 axentes culturais de Galicia e o resto do Estado Español.

- Montse García, “Compañías teatrales representan sus nuevas propuestas en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xuño 2019, p. 38.

Dá conta da chegada da sétima edición do Galicia Escena Pro comentando que as novidades deste ano son que comparten a organización Agadic e a asociación Escena Galega e que volven os espectáculos de rúa xunto con novas actividades como Cafescena e Noitescena.

- Montse García, “Galicia Escena Pro continúa hoy con cinco espectáculos”, *La Voz de Galicia* “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”; “Para todos los públicos”, “Artes escénicas”, 11 xuño 2019, p. L9.

Informa da programación do segundo día do festival Galicia Escena Pro en que destaca a representación de *Dúas donas que bailan* de Teatro do Atlántico.

Isto Ferve, XVº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vigo, celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2019, que tivo lugar do 8 ao 24 de febreiro, participou Miguel A. Altet, coa peza *Bonneville*; Macarena Recuerda Sheperd (Euskadi), con ¡Ay, ya!; e Compañía Nómada e Provisional Danza, con *Una vez más*.

Laracha, Venres teatrais 2019 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2019 tivo lugar entre os días 8 e 29 de novembro na Casa da Cultura desa localidade. Participaron as compañías galegas Ibuprofeno Teatro, con *Raclette*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Carpe Diem*; Contraproducións, con *A compañeira de piso*; e De Ste Xeito Producións, con *Loló e mamá*.

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Venres teatrais na Laracha”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitada especial”, 3 novembro 2019, p. 37.

Recolle a programación do ciclo Venres Teatrais da Laracha e fai alusión ao compromiso de carácter cívico deste evento cultural no tocante á concienciación arredor do Día Internacional Contrás as Violencias Machistas.

- M. R. L., “Loló e Mamá’ pecha os Venres Teatrais da Laracha”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 28 novembro 2019, p. 42.

Informa da posta en escena do espectáculo *Loló e Mamá* da compañía De Ste Xeito Producións como colofón ao ciclo Venres Teatrais da Laracha.

Lúas de Outono, XI

Ciclo teatral celebrado no coruñés Teatro Rosalía de Castro. A edición de 2019 celebrouse o 25 de setembro como homenaxe a Manuel María e estivo organizada pola Deputación da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación Casa Museo Manuel María. Nesta edición todos os espectáculos foron de carácter musical.

Lugo, XIXª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a conmemorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2019, que tivo lugar entre os días 2 de febreiro e 9 de xuño, contouse na “Sección Oficial” coas representacións das pezas *Eroski Paraíso*, de Chévere; *Cinco minutos sen respirar*, de Ítaca Teatro; *Fedra e Cinco horas con Mario*, de Pentación; *Rey Lear*, de Atalaya Teatro; *Commedia*, Contra Producións; *Dionisio, la vid... y mil noches*, de Compañía de Teatro-Danza Rafael Amargo; *Si no te hubiese conocido*, de Centro Dramático Nacional e Octubre Producciones; e para o público infantil *A viaxe de Rosalía*, de Larraitz Urruzola; *Euria*, de Markeliñe; *Arlequina*, de Os Monicreques de Kukas; *A alfombra máxica*, de Babaluva; e *Unhas gafas coma as do avó*, de A trastenda dos contos.

Lugo-Ourense-A Coruña, XIXª Festival de Teatro Grecolatino

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. No ano 2017, para facilitar a asistencia a aqueles centros máis arredados, establecéronse tres sedes: o Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo, o Auditorio Municipal de Ourense e o Teatro Colón da Coruña. A edición de 2019, celebrada durante o mes de marzo, contou coa participación do grupo teatral EMS (Bilbao), coa peza *Electra*; e cos grupos locais El Ruiseñor e Noite Bohemia.

Lugo, XXVº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2019, que tivo lugar entre o 26 de marzo e o 1 de abril, acolleu as representacións das pezas *Implosións, drogas, pasma e outras cousas das que preocuparse*, a cargo da Aula de Teatro Universitaria Maricastaña de Ourense; *Casa de ilusións*, da Aula de Teatro USC-Campus de Lugo; e *A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour*, da Aula de Teatro da USC. Tamén contou coa presenza da foránea Teatro El Mayal, da Universidade de León. O público puido asistir igualmente a actividades teatrais complementarias, microproxectos artísticos, conferencias, cursos e talleres.

Malpica de Bergantiños, XVª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica de Bergantiños. A edición de 2019, que tivo lugar no Auditorio do Centro Cívico de Malpica de Bergantiños do 25 de outubro ao 6 de decembro, acolleu as representacións de *Cranios privilexiados...ou crítica da razón perralleira*, de Mofa&Befa; *O montacargas*, de Ainé Producións Acusmase Opus; *Idiota*, de Redrum Teatro; e *Papar sen cancelas*, de Culturactiva. Tamén se levaron a escena, para público infantil, *Os fabulosos cleaners*, de Malasombra Producións; *Puño puñete*, de Baobab Teatro; e *A nena e o grilo máis aló*.

Referencias varias:

- M. L., “Malpica estende a Mostra de Teatro aos comercios e espazos de hostalaría”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 outubro 2019, p. 34.

Dá conta da programación da XV edición da Mostra de Teatro de Malpica e comenta a novidade de que se estende aos comercios e hoteis da vila.

Mámoa de Luou, XXII Mes do Teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou (Teo). A edición de 2019, celebrada entre o 3 e o 30 de novembro, contou coa participación das compañías Aula de Teatro Municipal de Teo, coa peza *Hotel Ramallosa*; Grupo de Teatro Xuvenil de Teo, con *Fake*; Teatro El Garlito, con *Paco Llons, detective privado*; e Badius, con *A peregrinaxe*. Tamén se representou para o público infantil *Barriga Verde*, a cargo de Compañía de Títeres Viravolta.

Manicómicos, XIX Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu recuperar o festival xusto o seguinte ano. A edición de 2019 desenvolveuse durante os días 15, 16 e 17 de agosto, no marco das Festas de María Pita, e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Contou coa presenza das compañías galegas Mere Clown, con *Aparvolimpiadas*; e Sincronacidas, con *Oh Limpiadas!*. Tamén participaron

as compañías foráneas Compañía Mar Gómez, con *Slapstick* e *La vie en rose*; Cris-Is, con *Wet Floor*; Los Barlou, con *Set up*; e o artista catalán Kerol cun espectáculo de circo contemporáneo. O festival remata coa celebración dunha Gala no anfiteatro do Parque Santa Margarida, con números de humor, clown e circo, entre os que destacaron os compostelanos Circonove.

Referencias varias:

- O. U. V., “El beatbox y la danza se estrenan como disciplinas en el festival de teatro y humor Manicómicos”; *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 15 agosto 2019, p. 36.

Recolle a programación do Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos e informa de que a edición deste ano inclúe como novidades as disciplinas de beatbox e danza.

- E. P., “A Coruña inicia hoy la XIX edición de Manicómicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 agosto 2019, p. 39.

Informa do comezo do festival de clown e teatro xestual que terá lugar na cidade da Coruña e que contará cun total de dez espectáculos.

Mañufe levanta o telón, VIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe. A edición de 2019 celebrouse durante todos os sábados do mes de outubro e contou coa participación dos grupos teatrais Entretes Teatro, coa peza *Sáida de emerxencia*; Alecrín, con *Por fin sos*; Misturart, con *A reunión dos Zannis*; e Rueiro, con *O avaro*.

Meaño, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2019 celebrouse no centro social de Dena os domingos 24 e 31 de marzo. Contou coa representación dos grupos teatrais Grupo Expresións Teatro, coa peza *Como vivir?*; e Súa Vila, con *Saco roto*.

MIT, XXXVª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2019, celebrada entre os días 17 e 27 de xullo, contou coa presenza das compañías galegas Ainé Producións e Acusmase Opus, coa peza *Nun cuarto da rotonda*; Pistacatro Productora de Soños S.L., con *Orchestra de malabares*; Chévere, *Curva*

España; A Berberecheira de Chévere, con *Anatomía dunha serea*; e Voadora, *Hemos venido a darlo todo*; e das compañías foráneas El Fedito (Valencia), coa peza *Oyun*; Un Poyo Rojo (Arxentina), con *Un poyo rojo*; Picto Facto (Francia), con *Brimborions*; Teatro Línea de Sombra (México), con *Amarillo*; José y sus hermanos (Cataluña), con *Los bancos regalan sandwicheras y chorizos*; Flyhard Produccions (Cataluña), con *A.K.A. (also known as)*; Cía. Maduixa (Valencia), con *Mulier*; Olivier de Sagazan (Francia), con *Transfiguration*; La Chana Teatro (Castela e León), con *¡Gaudeamus!*; e El Pavón Teatro Kamikaze (Madrid), con *Jauría*. Ademais representouse, para o público infantil, a peza *InTarsi*, de Compañía de Circo Eia (Cataluña); *Dona Barriga Verde*, de Larraitz Producións Artísticas; e *Oh!limpiadas*, de Cía. Sincronacidas.

Referencias varias:

- X. M. R., “A MIT de Ribadavia celebrará os 35 anos coa prsenza de Olivier de Sagazan, Chévere e Kamikaze”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2019, p. 35.

Recolle información sobre o acto de presentación do programa da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) 2019, onde se anunciou que para esta edición se contará, entre outros, coa presenza de Olivier de Sagazan, Chévere e Kamikaze.

- X. A. Reboiro, “A compañía Pistacatro, premio de honra da MIT”, *La Región*, “Verano” “Provincia”, 6 xullo 2019, p. 22.

Informa sobre a concesión do premio de honra Roberto Vidal Bolaño da MIT á compañía Pistacatro como recoñecemento ao importante papel xogado por este grupo no desenvolvemento e consolidación das artes circenses e do cabaré no panorama das artes escénicas galegas.

- ECG, “Comeza a Mostra de Teatro de Ribadavia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 xullo 2019, p. 30.

Resume as palabras do presidente da Xunta de Galicia, Alberte Núñez Feijóo na inauguración da MIT de Ribadavia. Feijóo destacou que o festival non só celebraba a súa 35ª edición senón tamén o medio século do nacemento da asociación cultural Abrente. Ademais, lembrou as traxectorias de grandes figuras do mundo do teatro galego como Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño ou Ernesto Chao.

- X. A. R., “O festival arrancou onte oficialmente para ofrecer moita maxia na escena”, *La Región*, “Verano”, “Mostra internacional de teatro”, 20 xullo 2019, p. 21.

Informa da inauguración da edición número 35 da MIT nun acto celebrado na capela da Madalena de Ribadavia no que participaron, entre outros, o director da mostra, Roberto Pascual, e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

- S. P., “A escea baixou ás rúas da vila”, *La Región*, “Verano”, “Mostra internacional de teatro”, 21 xullo 2019, p. 26.

Alude ao espectáculo de rúa da compañía francesa Briomborions- Picto Facto desvolto durante a edición deste ano da MIT e informa do resto de actuacións que terán lugar a pé de rúa.

- Raquel Vidales, “Ribadavia: medio siglo de resistencia teatral”, *El País*, “Cultura”, “Teatro”, 25 xullo 2019, p. 30.

Recolle un breve repaso da longa traxectoria dun encontro como a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, destacando o feito de ser o impulsor do teatro galego durante o franquismo e a súa constante vocación de vangarda. Tamén ofrece información relativa aos espectáculos e a programación desta edición, con especial atención á estrea da peza *Curva España* da compañía Chévere.

- X. A. Reboiro, “Cando o actor crea o texto”, *La Región*, “Verano”, “Mostra Internacional de Teatro”, 25 xullo 2019, p. 31.

Informa do obradoiro de formación teatral impartido por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, “Arredor do teatro documento”, no marco da MIT de Ribadavia.

- X. A. Reboiro, “Despedida teatral ao grande”, *La Región*, “Verano”, “Mostra Internacional de Teatro”, 26 xullo 2019, p. 25.

Dá conta da posta en escena da peza *Curva España* no Castelo de Ribadavia o día 25 de xullo no marco da celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

- X. A. Reboiro, “Emotiva homenaxe a Ernesto Chao e Abrente como último acto da MIT”, *La Región*, “Verano”, “Mostra Internacional de Teatro”, 28 xullo 2019, p. 29.

Dá conta da celebración dun acto de homenaxe a Ernesto Chao a través do descubrimento dunha placa na casa natal do actor no marco da celebración da edición número 35 da MIT.

- Patricia Calveiro, “Premian a Pistacatro, incubadora del nuevo circo en Santiago dende hace 12 años”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 31 xullo 2019, contracuberta.

Dá conta da concesión do Premio de Honra Roberto Vidal Bolaño 2019 á compañía circense Pistacatro no marco da celebración da MIT de Ribadavia.

- X. L. Méndez Ferrín, “Títeres históricos en Ribadavia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 20 setembro 2019, p. 28.

A propósito da celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Méndez Ferrín adica a súa columna de opinión a perfilar a historia da vila que acolle este evento. Fai un repaso pola Ribadavia medieval, os seus señores e nobres, pero tamén da Ribadavia contemporánea e a súa burguesía. Conclúe que por riba de todas as historias contadas en Ribadavia está todo preparado para a representación teatral.

MITEU, XXIV^a Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos

están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Posteriormente engadiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Suso Díaz”. Na edición de 2019, que se celebrou entre o 25 de abril e o 11 de maio participaron as compañías galegas Rosaura. Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coa peza *Indo e vindo*; Cordelia. Aula Universitaria de Ourense, con *O corpo estelar*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, con *A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour*; Compañía de Teatro da USC. Lugo, con *Casa de ilusións*; Aula de Teatro da UVigo, con *Círculo*; e Maricastaña. Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *Implosións, drogas, pasma e outras cousas das que preocuparse*. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas La Industrial Teatral (Cataluña); Citac (Coímbra, Portugal); Teatro el Mayal (Castela e León); Compañía Vaya (Chile/ Holanda); Aula de Teatro de Granada (Andalucía); Armazém aéreo con dance 21+ (Lisboa, Portugal); Grupo de Teatro de la UPNA (Nafarroa); Aula de Teatro de Murcia (Murcia); La Pequeña Victoria Cen (Castela e León); Teatre de Pas. Universitat de Lleida (Cataluña); Teuc (Coímbra, Portugal); Teatro Espresso (Costa Rica); Teatro La Polea (Nicaragua); Teatr’ubi (Covilha, Portugal); Alberto San Juan & Fernando Egozcue (Madrid); Los Pinches Chamacos (México); Teatro del Barrio (Madrid). Tamén se representou para o público infantil a peza *Aprendiz de bruxa*, a cargo de Gepetto. Aula de Teatro Infantil de Ourense.

Referencias varias:

- S. F., “La Miteu hace de la calle su escenario”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 29 abril 2019, p. 47.

Informa de como se vai desenvolvendo a MITEU, destacando o feito de que o fin de semana do 27 e 28 abril os espectáculos foron representados a pé de rúa.

- Mariló Pérez, “El miedo, excusa perfecta para actuar”, *La Región*, “Agenda”, “Espectáculo”, 30 abril 2019, p. 28.

Informa da posta en escena do espectáculo *A muller que tiña medo e marchou vivir ao Carrefour*, da Aula de Teatro Universitaria da USC de Santiago, no marco da celebración da vixésimo cuarta edición da MITEU.

- Iván Dacal, “Revolución no escenario”, *La Región*, “Agenda”, “Espectáculo”, 1 maio 2019, p. 18.

Informa da posta en escena dos espectáculos *Casa de ilusións*, da Aula de Teatro Universitaria da USC de Lugo, e *Algún amor que non mate*, da compañía de teatro da

Universidade Pública de Navarra, no marco da celebración da vixésimo cuarta edición da MITEU.

- S. N., “Un año de cine y teatro”, *La Región*, “Fin de año 2019”, “Cultura”, “Eventos”, 31 decembro 2019, p. 7.

Dá conta dos eventos máis importantes realizados na cidade de Ourense en relación ás artes escénicas e ao mundo audiovisual ao longo do ano, entre estes eventos se atopan a Miteu, o FITO e o OUFF

MOSTRA(TE), XVIII Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2019 tivo lugar na Carballeira das Fraguíñas entre os días 25 e 27 de xullo. Contou coa participación das compañías Gargallada Teatro, coa peza *Fuga*; Teatro do Vilar, con *Aspirina para dous*; e Teatro Porta Aberta, con *Get back*. Tamén se levou a escena a peza para público infantil *O papón e outros contos de comer*, a cargo de Codia e Miolo Contacontos.

Negreira, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña chega representacións de grupos afeccionados e profesionais. A edición de 2019 desenvolveuse durante os meses de abril, maio e xuño. Contou coa participación de Os Quinquilláns, coa peza *Language planning*; Productora Pistacatro, coa peza *Alma non é hippie*; Ibuprofeno Teatro, con *O furancho*; Malasombra Producións con *Bernarda* e *A historia de Galicia*; e a Escola de Muros.

Referencias varias:

- M. M., “Ciclo de teatro dende Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 abril 2019, p. 33.

Recolle a programación do Ciclo de Teatro de Negreira, celebrado nesta vila nos meses de abril e maio e que acolleu a representación de seis pezas de teatro.

Ob-sceno (fóra de escena), Ciclo de Teatro

Ciclo organizado polo Centro Dramático Galego e que se celebra no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A edición de 2019 contou coa compañía Rinoceronte Teatro, coa peza *Alicia morreu de sobredose*; Inversa Teatro, con *Sofía*; e Teatro En-Trance, con *Pulso*.

Referencias varias:

- ECG, “Tres montaxes do CDG para celebrar o 17 de maio no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 maio 2019, p. 37.

Dá conta da programación posta en marcha no Salón Teatro polo CDG para celebrar o Día das Letras Galegas, así como do inicio dunha nova edición do ciclo Teatro Ob-sceno.

- Montse García, “Tres obras teatrales fuera del escenario”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 24 maio 2019, p. L9.

Dá conta do comezo do ciclo de Teatro Ob-sceno no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Montse García, “Teatro Ob-Sceno”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 26 maio 2019, p. L9.

Dá conta da última función do ciclo de Teatro Ob-sceno no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Oroso, Outono Cultural de

Organizado polo Concello de Oroso no Centro Cultural de Sigüeiro. A edición de 2019, celebrada dende o 18 de outubro até o 22 de novembro, incluíu diversas actividades: música, danza, maxia, exposicións e teatro. Contou coa presenza das compañías Redrum Teatro, coa peza *Invisibles*; e A Panadaria, con *Elisa e Marcela*. Tamén se representaron, para público infantil, as pezas *Puño Puñete*, a cargo de Baobab Teatro; *Tic tac toc canta comigo*, de Pablo Díaz; e *Alquimia*, de Mago Teto.

O Seixo, XXXª Xornadas de Teatro Afeccionado en galego

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos. Na edición de 2019, celebrada entre o 6 e o 8 de decembro no local social de Bello Piñeiro, participaron as compañías Licor Café, coa peza *As feas tamén casan*; A Tenencia, con *Ela e el*; e A Cova do Trasno, con *A morte do estora que de Guanabacoa*.

Outes, XXIV Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2019 celebrouse entre os meses de setembro e novembro no auditorio da Casa da Cultura. Contou coa participación das compañías Lila Teatro, con *Rara avis*; Butaca Zero, con *Camiños*; Contraproducións, con *A compañeira de piso*; e Talía Teatro, con *Vida de cans*. Para público infantil representouse a peza *A galiza azul*, de Tanxarina Teatro.

Referencias varias:

- M. T., “Trece espectáculos en el Outono Teatral de Outes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 19 setembro 2019, p. 34.

Dá conta da programación da nova edición do Outono Teatral de Outes. Detalla o feito de que serán trece espectáculos que se representarán no auditorio da casa da cultura do Concello de Outes e que a entrada será gratuíta.

Paiosaco, IX Ciclo de teatro “Primavera teatral”

Organizado polo Concello de Laracha. Na edición de 2019, celebrada durante o mes de abril, representáronse os seguintes espectáculos: *Idiota*, de Redrum Teatro; *Un fiambre, unha rosca e un cancán*, de Asociación Cultural Faíscas de Arteixo; e *Rodríguez, o loro de Picadillo*, de Melandrainas Teatro.

Referencias varias:

- P. R., “Paiosaco acolle a Primavera Teatral con tres funcións”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 2 abril 2019, p. 34.

Recolle a programación para a celebración do noveno Ciclo de teatro Primavera Teatral de Paiosaco, anunciando que abrirá o ciclo a peza *Idiota* de Redrum Teatro e que o pechará a obra *Rodríguez, o loro de Picadillo* de Melandrainas Teatro.

- M. Lavandeira, “Fin de semana animado con funcións teatrais en Paiosaco, Vimianzo e Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 abril 2019, p. 35.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Un fiambre, unha rosca e un cancán*, da Asociación Cultural Faíscas de Arteixo o 12 de abril no marco da celebración da novena edición do ciclo de teatro Primavera Teatral de Poiosaco.

Palas de Rei, XXª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. A Mostra, que cada ano homenaxea a unha figura relevante para a cultura galega, decidiu recoñecer á escritora e dinamizadora da cultura galega Ana Pillado Vega co XIV Premio Caerón e a Manuel Vieites, actor e director de teatro, co XIX Premio Mácara. A edición deste ano, que contou coa colaboración Metátese Teatro, Alentía Teatro e o Concello de Palas de Rei, tivo lugar entre o 27 de agosto e o 7 de setembro en diferentes escenarios da vila como a Praza do Conello, a casa da cultura e o campo da festa de San Xusto e Santiago de Albá. Así, contou coa presenza do grupo de animación infantil Barafunda Teatro, con *Bañistas despistados*,

Referencias varias:

- Marta de Castro, “La Mostra de Teatro de Palas homenaxeará a Ana Pillado y Manuel Vieites”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 agosto 2019, p. 9.

Dá conta da programación da XX Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei.

Ciclo Pank de Teatro

Organizado Proxecto Pank + Funboa Escénica, un dos colectivos artísticos que permaneceron en residencia no Salón Teatro durante a tempada 2018-2019. A través do seu programa de estadias, o Centro Dramático Galego puxo a disposición das compañías residentes as instalacións da súa sede e o apoio do equipo técnico para ultimar ou perfeccionar as súas propostas, moitas delas enmarcadas ademais na iniciativa Dramaturxente para o apoio, fomento e promoción das novas dramaturxias galegas. A edición de 2019 celebrouse os días 11 e 12 de xaneiro e puxéronse en escena tres pezas asinadas por Proxecto Pank e Funboa Escénica, nomeadamente *Masa madre + Sal marina*, *Eso que vi* e *Work in progress*.

Referencias varias:

- Montse García, “Proxecto Pank y Funboa Escénica, en el Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 10 xaneiro 2019, p. L7.

Recolle información sobre o a residencia artística que acolle a sede do CDG durante o mes de xaneiro e que traerá tres espectáculos da man de Proxecto Pank e Funboa Escénica de Cristina Balboa e Manuel Parra.

- Rosa Cano, “Proxecto Pank e Funboa Escénica, no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xaneiro 2019, p. 38.

Dá conta da residencia artística que acolle a sede do CDG durante o mes de xaneiro e dos tres espectáculos que se porán en escena da man de Proxecto Pank e Funboa Escénica.

Pétit Théâtre

Ciclo teatral en pequeno formato, organizado e desenvolvido no compostelán pub O Atlántico. A edición de 2019 incluíu comedia, en forma de monólogos, impro e cabaret, e o desenvolveu o programa ‘Noites de Contos e Lendas’. Celebrouse todos os mércores entre o 23 de outubro e o 27 de novembro e participaron as compañías Sentido Común; Quico Cadaval, con *Contos de Mortos e Aparecidos*; Mago Brunetti; Remolacha Produccións, con *Imprómicas*; Cándido Pazó, con *Historias con Mar de Fondo*.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Sentido Común abre mañana la agenda del ciclo Le Petit Theatre do Atlántico”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 outubro 2019, p. 26.

Informa do inicio do ciclo de teatro Le Petit Theatre, organizado polo emblemático local do casco histórico Pub Atlántico co obxectivo de ofrecer espectáculos escénicos en pequeno formato. Anuncia que se inicia co grupo narrativo Sentido Común o día 23 de outubro.

Poio Escena, Xº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Dende o ano 2013 pasou de se celebrar durante un mes a se desenvolver durante a metade do ano con representacións o último venres de cada mes. A edición de 2019 contou coa participación das compañías Porta Aberta Teatro, con *Get back*; Fauna 113 Teatro, con *Deus*; Agrupación Teatral Mariñán, con *Insania*; Pinchacarneiro Teatro, con *Bolboretas, a vinganza*; Aturuxo de Melpómene Teatro, con *Algo pasa con Paco*; Artías Teatro, con *Des-armadas*; Redrum Teatro, con *Invisibles*; e Moura Teatro, con *Para lavar, Colón*.

Referencias varias:

- F. C., “Festival de Curtas Armadiña e Poio Escena”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “*Caderno de verán*”, n.º 49, “Teatro e cinema”, 29 agosto 2019, p. 5.

Dá conta da celebración da décima edición do Ciclo de Teatro Poio Escena e advirte de que se poderá desfrutar das actividades o último fin de semana de cada mes entre abril e novembro.

Pon-Teatro, III Ciclo de Teatro Afeccionado de Pontearreas

Organizado polo Concello de Pontearreas coa axuda dos grupos de teatro afeccionado do municipio. A edición de 2019 tivo lugar entre o 12 e o 27 de outubro e contou coa participación de compañías galegas coas pezas para público adulto *Todo queda na casa*, do Grupo de Teatro de Xinzo; *Simplemente persoas*, de Grupo de Teatro A Pena do Equilibrio; *O pequeno poni*, de Peta na Porta; *Queremos casar a filla*, de Pedra do Cabalo; e *O paraugas transparente*, de Troteatro.

Ponteatro, VIIº Ciclo

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal. A edición de 2019, celebrouse entre o 10 de outubro e o 19 de decembro no Teatro Principal. Contou coa participación das compañías galegas Producións Teatrais Excéntricas, coa peza *Medida x medida*; Malasombra Producións, con *Bernarda*; Contraproducións S.L, con *Commedia*; Marelas Producións, con *Liberto*; Voadora, con *Hemos venidos a darlo todo*; Producións Dispersas, con *Memorias dun ser humano disperso*; e La Macana, con *Pink unicorns*.

Ponteceso, XXVIº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2019 tivo lugar os sábados 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro no Salón de Actos do E. das Escolas. Representáronse as pezas *Elisa e Marcela*, a cargo de A Panadaría; *Cinco mulleres que comen tortilla*, de Señora Supina;

Bernarda, de Malasombra; *Cranios privilexiados*, de Mofa & Befaf; e *Vida de cans*, de Talía Teatro.

Rede Cultural, Deputación da Coruña

Circuíto cultural organizado e financiado pola Deputación da Coruña e que se desenvolverá en dezaoto concellos da Costa da Morte. Estrutúrase en dous programas teatrais: *Escena ao vivo*, dedicado a propostas profesionais de teatro, títeres, música e danza; e *Alicerces*, para propostas non profesionais; e nun programa audiovisual, denominado *Visións*, destinado a proxeccións cinematográficas. Na edición de 2019 participaron as compañías Sarabela Teatro, Gazafellos, o Mago Antón, Magín Blanco, Boabab Teatro, Os Quinquilláns, Pablo Díaz, Roi Casal, Xoán Curiel, Talía Teatro, Paco Nogueiras, ButacaZero e Iboprufo Teatro.

Rianxo, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco as presentacións literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2019 celebrouse entre o 8 de novembro e o 28 de decembro e contou coas representacións das pezas *Papar sen cancelas*, a cargo de Culturactiva; *Casa O'Rei*, Ibuprofeno Teatro; e *Falar por falar*, de Volta e Dálle Teatro. Para o público infantil, *Arnoia, arnoia. O circo da casa pequena*, de Pistacatro Productora de Soños; e *Lambetadas*, de Talía Teatro.

Ribeira, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Riveira coa colaboración da Deputación da Coruña. Na edición de 2019, que tivo lugar no Auditorio Municipal de Ribeira entre o 27 de setembro e o 5 de decembro, déronse os seguintes espectáculos: *Bernarda*, de Malasombra; *Casa O'Rei*, de Ibuprofeno Teatro; *Normas para saber vivir na sociedade actual*, de Sarabela Teatro; *Idiota*, de Redrum Producións; *Eu queríame casare*, de Dinamo Producións; *Invisibles*, de Redrum Producións; *Vida de cans*, de Producións Teatrais Talía; *A compañeira de piso*, de Contraproducións; *Carpe diem*, de Producións Excéntricas; *Elisa e Marcela*, de A Panadaría; e *Running*, de De Ste Xeito.

Referencias varias:

- S. S., “Diez compañías acudirán a la Mostra de Teatro ribeirense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 27 xullo 2019, p. 28.

Informa de que o auditorio de Ribeira celebrará a súa Mostra de Teatro entre os días 27 de setembro e 5 de decembro e que nela participarán un total de dez compañías.

- S. S., “Sigue la Mostra e Teatro en Ribeira con ‘Bernarda’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 9 outubro 2019, p. 30.

Informa da programación da Mostra de Teatro de Ribeira entre a que destaca *Bernarda*, de Malasombra e *Casa O'Rei*, de Ibuprofeno Teatro.

Ribeira de Humor, Vº Festival

Impulsado pola Concellaría de Cultura coa colaboración da Deputación da Coruña e AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). Esta terceira edición de 2019 celebrouse entre o 6 de xullo e o 13 de setembro cun programa de actividades de humor, clown, circo e teatro. Puidéron verse os espectáculos *Sue moreno con 4.0*; *O pallaso Piter*; *Muu con crunch*; *Gala de circo: os 7 magníficos e Mago Teto*; *Musicirco*, de Magnífique, Dani garcía e Circo Chosco; *Mago Xacobe*; *Abraios de rúa*, cos magos Fani Triana e Martín Camiña; *Rogelio, un pallaso en recuperación*; *A maleta de don Attilio*, de Viravolta; e *Contos a pé de rúa*, de Caxoto.

Sada, XVª Mostra de Teatro Aficionado

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Na edición de 2019, celebrada todos os domingos entre o 15 de setembro e o 27 de outubro na Casa da Cultura Pintor Llorens, participaron as compañías Grupo de Teatro Licor Café, coa peza *As feas tamén se casan*; Compañía Farándula Velutina, con *A cantante calva*; Compañía Noite de Bohemia, con *Gemelos*; Compañía Sal-monela teatro, con *Fora de quicio*; e Leneas Teatro, con *Tennessee non é lugar*. Tamén se representou para o público infantil *Asamblea de Mulleres*, a cargo de Grupo de Teatro Sin ir más lejos; e *Pecata Minuta*, de Grupo de Teatro Fas que Fas.

San Andrés de Comesaña, XIIIº Certame de Teatro Aficionado

Certame de Teatro aficionado organizada pola compañía teatral O Trasnó Novo Teatro incluída dentro do Circuito Galego de Teatro Amador que promociona a Federación Galega de Teatro (FETEGA). Na edición de 2019, que tivo lugar as catro fins de semana do mes de setembro, participaron as compañías O Barco Gargallada, con *O xogo de Versailles*; Aveláña Teatro, con *A Lola*; do grupo Sangue de Dragón do Aturuxo de Melpomene, con *Algo pasa con Paco*; e O Tiruleque, con *Maitre Pathelin*.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “El circuito gallego de teatro aficionado recalca en Comesaña con cuatro grupos veteranos”, *Faro de Vigo*, “Vigo [4] costados”, 3 setembro 2019, p. 5.

Dá conta da programación da décimo terceira edición do Certame de Teatro Aficionado de San Andrés de Comesaña, destacando o feito de que gran parte dos espectáculos son obras de época e facendo alusión á participación de compañías como Gargallada, Aturuxo de Melpomene ou Tiruleque.

- A. Rodríguez, “El festival de teatro aficionado de Comesaña llega a su ecuador”, *Faro de Vigo*, “Vigo [4] Costados”, 17 setembro 2019, p. 7.

Fai un repaso pola programación do XIII Certame de Teatro Aficionado de Comesaña informando da data e a hora á que se representará cada peza de teatro.

Santa Comba, Vº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Na edición de 2019, que tivo lugar entre o 8 e o 24 de novembro, representáronse as pezas *A compañeira de piso e Fillos do sol*, de Contraproducións; *Bernarda*, de Malasombra Producións; e *Invisibles*, Redrum Teatro.

San Telmo, XI Semana de Teatro Amador de Tui

Organizada polo concello de Tui. A edición de 2019 tivo lugar entre o 22 e o 27 de abril no teatro municipal da localidade. Contou coa participación das compañías Compañía Artística Interdisciplinar do Espazo Xove de Tui, coa peza *Futuro, amor e outras movidas*; Grupo de teatro Atalaia do Centro Sociocomunitario de Tui, con *Nin fe nin café*; Grupo de teatro da asociación Cultural Aloia de Pazos de Reis, con *Tres sombreiros altos*; Grupo de teatro Chirlomirlo da Asociación Cultural Xuntanza de Randufe, con *Miles gloriosus*; Grupo de teatro da Asociación Cultural San Fins de Rebordáns, con *Bar Manolo*; e Grupo de teatro infantil Garabullada da Asociación Cultural Xuntanza de Randufe, con *O segredo de Daniel*.

Sen Numerar, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2019, celebrada do 25 de xaneiro e o 16 de maio, participaron compañías galegas que representaron as pezas *De abrentes e de ocasos*, da compañía Teatro do Atlántico; *Vida*, da Compañía Javier Aranda; e *STRPTS: Fin de tempada*, de Cinema Sticado. Tamén contou coa participación das compañías foráneas Calema Producciones, con *Los Nadies*; Félix Albo Producciones, con *Tanatorium*; e La estampida, con *Lo nunca visto*.

Rianxo, Mostra de Teatro

Organizada polas compañías da escola Airiños de Rianxo. A edición de 2019 desenvolveuse durante o mes de xuño e contou coas seguintes representacións: *Xogamos a...?*, de Teatrinclis; e *Unha de contos descontados*, do Grupo das 5.30. Tamén se representou para público adulto a peza *Lendatarias*, de Patakamakabra.

Referencias varias:

- S. S., “Saen a escena en Rianxo as compañías da escola teatral”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Costa da Morte. Noia”, 16 xuño 2019, p. 39.

Recolle a programación para esta edición da Mostra de Teatro de Rianxo organizada polas compañías da escola Airiños de Rianxo no auditorio desta vila.

Teatrofilia, XVIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2019, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 22 de marzo até o 13 de abril, participaron, para todos os públicos, as compañías Trémola Teatro (Arteixo), con *Se pechas os ollos*; Aula Municipal de Teatro de Carballo, con *A bonitísima historia da princesa Margarida*; Escola de Teatro Pábulo (Santiago de Compostela), con *Proxecto Peta Zeta*; La caja de Pandora (Verín), con *Loucos de atar*; A Bóla Azul (Vedra), con *A Bóla Azul*; Teatro Muxicas (Ourense), con *O inspector*; Grupo de Teatro de Andaina PSM (Dodro), con *Full Monty*; e Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra, con *Paco Llons, detective privado*. En canto a participación de compañía foráneas contou con Compangia Teatrale Trebisonda (Como-Italia), coa peza *Violencia*; e Teatro de Balugas (Portugal), con *Pão Nosso*. Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil, *Oh!limpiadas*, de Cía. Sincronacidas (Santiago de Compostela); *Detectives en Nadal*, de Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra); *Agardando*, de Xs Papaventiñxs; *Isto é... isto é... como era isto?*, de Grupo de Teatro da A. C. Cotomanguelo (Orazo); e *República de Gundián*, de Andaravía Teatro (Vedra).

Teatro no camiño, VIIIº Ciclo teatro afeccionado

Organizado pola asociación cultural Charamela de Melide. A edición de 2019, celebrada entre os días 5 e 19 de outubro na casa da cultura da localidade, contou coa participación de Namarella Teatro (Verín), con *WC (o baño)*; Metátese Teatro (Palas de Rei), con *O euromillón*; Rebuldeira (Sarria), con *Se infiel e non mires con quen*; Teatro Lucho (Lugo), con *O achado do castro*; e Asociación Cultural Charamela (Melide), con *Agárrate que veñen curvas!*.

Teis, I Festival de Teatro Semente

Organizado pola Asociación Pro-Escola Semente de Vigo tivo lugar os días 5, 10, 11 e 12 de maio no Auditorio de Teis. Nesta primeira edición de 2019 representáronse para público adulto as pezas *Té con Kant* de Inversa Teatro e *Uralita* de Iria Pinheiro. Canto as obras destinadas a público infantil representáronse *Chungo que te cagas*, de Peter Punk Pallaso e *Procúra-se Pepa a Loba*, da compañía A Cova das Letras.

Terras do Orcellón, XIIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo Tirule, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2019 celebrouse entre o 5 e o 27 de outubro no

Auditorio do Carballiño. Contou coa presenza das compañías Tiruleque Teatro, con *A farsa de Maitre Pathelin*; do grupo Sangue de Dragón do Aturuxo de Melpómene, con *Algo pasa con Paco*; Namarella, con *W.C. (O baño)*; Teatro Mariñán, con *Insania*; e Porta Aberta, con *Estraños hábitos*.

Referencias varias:

- L. Martínez, “La compañía Tiruleque abrirá la Muestra de Teatro Amador”, *La Región*, “Provincia”, 5 outubro 2019, p. 29.

Informa do inicio da Mostra de Teatro Amador Terras de Orcellón coa posta en escena da peza *A farsa de Maitre Pathelin* da compañía Tiruleque e ofrece unha breve sinopse do argumento principal da obra.

Tomiño, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. A edición de 2019, celebrada durante os meses de outubro e novembro no Auditorio de Goián incluíu concertos, cinema, teatro e exposicións. Participou a compañía ButacaZero, coa peza *Camiños*; Contraproducións, con *Commedia*; Chévere, con *Anatomía dunha serea*; Artesacía, con *Chola a it girl*; De Ste Xeito Producións, con *Loló e mamá*; e Redrum Teatro, con *Invisibles*. Tamén contou coa participación das compañías Baobab Teatro, con *Contos con Roque e Baila, Roque, baila*; Redrum Teatro, con *Contos do recreo*; Xarope Tulú, con *Nómades*; e Malasombra Producións, con *Os fabolusos cleaners*, para o público infantil.

Valadouro, XXXVª Semana do Teatro

Xornada de teatro afeccionado organizada polo concello do Valadouro. A edición de 2019, celebrada entre o 1 e o 6 de setembro, contou coa participación dos grupos Os pícaros da Lagoa, coa peza *Asilo por compasión*; Lume Escénico, con *O achado do castro*; Axóuxeres, con *Un divorcio no pobo*; O Bordelo, con *Toluras de proveito*; Touporrotou, con *Comedia bifida*; e A Adala de Fazouro, con *O que armou unha zoca*.

Val do Dubra, Outono Cultural

Ciclo celebrado no auditorio municipal de Bemibre, durante os meses de outubro, novembro e decembro. A edición de 2019 celebrouse entre os días 26 de outubro e o 21 de decembro e contou coa presenza das compañías galegas Ibuprofeno Teatro, coa peza *O furancho*; Culturactiva, con *Papar sen cancelas*; e Grupo de Teatro do Centro Social de Maiores de Vedra, con *Paco Llons, detective privado*, para público adulto; e das compañías galegas Culturactiva, coa peza *Sabor!*; e Raquel Queizas, con *O xogo de Nano*, para o público infantil.

Viana do Bolo, VIº Ciclo de Outono Teatral

Ciclo organizado pola Asociación Cultural Candea e celebrado na Casa da Cultura de Viana do Bolo. Na edición de 2019 celebrada entre o 13 e o 26 de outubro,

representáronse as seguintes pezas: *Casa O'Rei*, de Ibuprofeno Teatro, e *Running*, de De Ste Xeito. Ademais, representouse para público infantil *Hansel e Gretel*, de Avento Producións.

Referencias varias:

- J. C., “El ciclo teatral de otoño de Viana incluye tres representaciones”, *La Región*, “Provincia”, 10 outubro 2019, p. 23.

Informa da programación do VI Ciclo de Outono Teatral de Viana do Bolo.

VigoCultura

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2019 celebrouse durante os meses de outubro e novembro. Contou coa participación das compañías galegas ButacaZero, con *Despois das ondas*; Redrum Teatro, con *Invisibles*; e Teatro do Atlántico, con *Dúas donas que bailan*. No tocante á programación infantil desenvóléronse os seguintes espectáculos: *Bimaxias: 2 ilusionistas en realidades paralelas*, de Fani Triana e Martín Camiña; *Todas as marabillas do mundo*, de Producións Dispersas.

Referencias varias:

- M. N., “Tres meses con 37 propostas de artes escénicas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 xaneiro 2019, p. 16.

Informa da programación da nova tempada de Vigocultura que terá lugar entre os meses de febreiro e abril.

- Ana Fuentes, “El Concello programa 24 funciones en VigoCultura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 11.

Dá conta da programación da nova edición do ciclo de teatro, cine, música, danza, circo e maxia VigoCultura.

- Mario Nespereira, “Vigo abre el telón de un otoño cultural”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 6.

Dá conta do arranque da nova edición do ciclo VigoCultura así como de gran parte da súa programación, principalmente dos primeiros espectáculos que se representarán.

Vilagarcía, Ciclo de teatro

Organizado conxuntamente entre o Concello de Vilagarcía e Agadic. A edición de 2019, que tivo lugar entre os meses de outubro, novembro e decembro, contou cos seguintes espectáculos: *Bernarda*, de Malasombra Producións; *Anatomía dunha serea*, de Chévere; e *O electo*, de Contraproducións. Tamén contou co espectáculo para público infantil, *Arlequina* de Kukas.

Referencias varias:

- Fátima Frieiro, “O teatro galego recala en Vilagarcía con Chévere, Kukas e Malasombra”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 27 setembro 2019, p. 7.

Informa da programación teatral do segundo semestre do ano de Vilagarcía. O ciclo está promovido conxuntamente entre o Concello e Agadic. Apunta que as entradas serán de cinco euros para o público xeral e de tres para os bonificados. Todas as representacións serán á mesma hora, ás nove da noite.

Vilalba, XX^a Mostra de Teatro de

Organizada por Hipócrata Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba. A edición de 2019, celebrada os días 7 e 16 de marzo, contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Vilalba, coa peza *Divinas palabras*; da Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Unha noite de primavera sen sono*; e da Escola Municipal de Teatro de A Pontenova, con *Noite de reis*.

Vilalba, IV^o Ciclo Sábados de Teatro de

Organizado polo Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) coa colaboración da Deputación de Lugo. A edición de 2019 celebrouse os días 8, 16 e 29 de novembro no auditorio municipal de Vilalba. Contou coa participación das compañías lucenses O Bordelo (Cervo), coa peza *Toluras de proveito*; Nova Escena Teatro, con *As fillas de Eva*; e Escola Municipal de Teatro, con *Arsénico por caridade*.

Vilamarín, XXXII^{as} Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín e celebradas no auditorio municipal desa localidade. A edición de 2019, celebrada entre os días 15 e 19 de xullo, contou coa participación das compañías teatral de Vilamarín, coa peza *Despaciño e boa letra*; da Aula de Teatro Universitaria de Ourense “Maricastaña”, con *Implosións, drogas, pasma e outras cousas das que preocuparse*; Talía Teatro, con *Vida de cans*; Malasombra Producións, con *Bernarda (Vilalba 1975)*; e Contraproducións, con *Commedia*.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “As ‘Noites teatrais’ achegan a escena galega a Vilamarín”, *La Región*, “Verano”, 10 xullo 2019, p. 21.

Ofrece un percorrido pola programación da XXXII edición das Noites Teatrais de Vilamarín con motivo do acto de presentación que realizaron o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, os concelleiros de Desenvolvemento e Cultura de Vilamarín Marcos Vázquez e Marina Rodríguez.

Vimianzo, Sábados de outono de

Ciclo de teatro, maxia e música organizado polo Concello de Vimianzo todos os sábados dos meses de outubro, novembro e decembro na Casa da Cultura da localidade. A edición de 2019 tivo lugar entre o 5 de outubro e o 30 de novembro na Casa da Cultura. Participaron as compañías galegas Ximiela, coa peza *Raigame*; Contraproducións, con *A compañeira de piso*; Acusmase Opus, con *Nun cuarto da Rotonda*; Xurxo Cortázar, co monólogo *Desconexión*; Talía Teatro, con *Vida de Cans*; Chévere, con *Anatomía dunha serea*; e Contraproducións, con *O Electo*.

Xosé Agrelo, XIIIª Mostra de Teatro Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

A edición de 2019 tivo lugar dende o 20 de abril até o 25 de maio no auditorio municipal con representacións e contacontos. Participaron as compañías Muxicas, con *O inspector*; Contraproducións, con *Fillos do sol*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil na que participou a compañía A Tropa de Trapo, con *Catro monos.*; Andaravía Teatro, de *Brincacontos*; e *A máquina do tempo*, de Teatro Ghazafellos.

Referencias varias:

- E. P., “Muros pone en marcha la XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. O Sar. Costa da Morte”, 22 abril 2019, p. 24.

Dá conta da programación da XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros.

- M. T., “Dos actuaciones en al recta final de la Mostra de Teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 8 maio 2019, p. 32.

Dá conta da posta en escena das pezas *A máquina do tempo* e *Brincacontos* no marco da celebración dunha nova edición da Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros.

Zas, IVª Mostra de Teatro Aficionado Labarta Pose de

Organizada polo Concello de Zas coa colaboración do grupo de teatro Badius. A edición de 2019 celebrouse do 23 de marzo ao 27 de abril nos auditorios de Baio e de Zas. Contou coa participación das compañías; Agrupación Teatral Mariñán, coa peza *Insania*; Pinchacarneiro Teatro, con *Bolboretas: A Vinganza*; Sen Cancelas Teatro, con *2010*; e Gargallada Teatro, con *O Xogo de Versalles*. Para público infantil, representouse a peza *Chicago*, do Grupo de Teatro Ulteira de Ortigueira.

Referencias varias:

- J. M. R., “Corenta e tres obras para a cuarta Mostra de Teatro Aficionado Labarta Pose”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 26 febreiro 2019, p. 34.

Recolle parte da programación da cuarta Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose de Zas e informa de que a temática predominante vai ser o humor, así como da alta participación das compañías amator e das contías dos premios concedidos.

- R. L., “Insania’ iza hoy el telón de la Mostra de Teatro Labarta Pose en Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 marzo 2019, p. 33.

Informa da posta en escena da peza *Insania* da Agrupación Teatral Mariñán de Betanzos no auditorio municipal de Zas o día 23 de marzo como punto de partida da Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose.

- M. Lavandeira, “Fin de semana animado con funcións teatrais en Paiosaco, Vimianzo e Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 abril 2019, p. 35.

Dá conta da posta en escena da peza *O Xogo de Versalles* de Gargallada Teatro o 27 de abril no marco da celebración da cuarta edición da Mostra de Teatro Labarta Pose.

- Cibrán Canedo, “Premios teatrais en Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Convidado especial”, 9 xuño 2019, p. 32.

Dá conta do acto de entrega de premios dos grupos escollidos polo xurado durante a celebración da IV Mostra de Teatro Labarta Pose.

III.5.2. ESTREAS

III.5.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Compañía **A Feroz**: *Santa Inés*

Referencias varias:

- ECG, “Feroz estrea o espectáculo ‘Santa Inés’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 decembro 2019, p. 25.

Dá conta da posta en escena da peza *Santa Inés* da compañía A Feroz na igrexa da Universidade de Santiago no marco do programa Hildegarda. As mulleres na tradición cristiá.

- Montse García, “A Feroz”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Teatro”, 20 decembro 2019, p. L10.

Informa da representación do espectáculo *Santa Inés* da compañía A Feroz na igrexa da Universidade de Santiago o 20 de decembro.

- Goretti Sanmartín Rei, “2019, un ano de contrastes”, *El Correo Gallego*, “*Especial*”, 31 decembro 2019, p. 30.

Recolle unha reflexión de Goretti Sanmartín arredor do lugar da cultura durante o ano 2019 e fai alusión á compañía A feroz e destaca o seu poderoso programa de deconstrución feminista sobre santas e místicas.

Teatro do **Adro**: *Cartóons*

Referencias varias:

- Andrés Bernárdez, “O mellor teatro galego en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 setembro 2019, p. 26.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela e que contará, entre outras, coa posta en escena da peza *Cartóons*.

- Montse García, “Unha decena de espectáculos enchen o Salón Teatro na recta final do 2019”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 21 setembro 2019, p. L9.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Ainé Producións: *O montacargas*

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “Nun cuarto da rotonda. Beckett # Pinter”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 724, “Teatro”, 19 setembro 2019, p. VIII.

Recolle unha introdución da transformación das artes escénicas no paso da modernidade á posmodernidade, aludindo, entre outros, a Beckett ou a Pinter, autores dos textos *A última cinta de Krapp* (1958) e *O montacargas* (1957) respectivamente. O primeiro dos textos é unha reflexión sobre o paso do tempo. O segundo unha sorte de acontecementos ilóxicos nun ambiente claustrofóbico. O segundo destes textos serve de base para a creación dun espectáculo teatral dentro do panorama dramático galego. *O montacargas* é un espectáculo que, baixo a dirección de Evaristo Calvo, leva á escena a compañía Acumaster Opus.

Referencias varias:

- M. L., “Malpica estende a Mostra de Teatro aos comercios e espazos de hostalaría”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 outubro 2019, p. 34.

Dá conta da programación da XV edición da Mostra de Teatro de Malpica entre a que se encontra *O montacargas*. Tamén comenta que este ano a oferta esténdese a comercios e espazos hosteleiros da vila.

Arte Pingüe Teatro: *Communicatio*, dirección e interpretación Sergio Alfonso, Toñi Caseiro, María Francelina e José Mejuto

Referencias varias:

- Mar Mato, “Historia dunha cena revolta”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 26 novembro 2019, p. 51.

Ofrece unha breve nota sobre o proceso de creación do grupo Arte Pingüe Teatro co gallo da posta en escena da súa peza *Communicatio* no Auditorio de Teis de Vigo o día 30 de novembro.

Arume Teatro: *Fin de partida*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Comienza el XVI Ciclo Musical BMS”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, Escena”, 30 xuño 2019, pp. 62-63.

Dá conta da representación de *Fin de partida*, de Samuel Beckett, no Teatro Principal de Pontevedra.

Arume Teatro: *Resurrección*

Referencias varias:

- Belén López, “Seis planes para Semana Santa en Pontevedra (lejos de las procesiones)”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 16 abril 2019, p. 34.

Anuncia a estrea do novo espectáculo da compañía Arume, *Resurrección*, e informa da súa posta en escena no Teatro Principal de Pontevedra o sábado 20 de abril no marco da programación cultural desta vila para a celebración da Semana Santa.

- Cuca M. Gómez, “Un Semana Santa muy intensa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 21 abril 2019, p. 62.

Dá conta da representación da peza *Resurrección* no Teatro Principal de Pontevedra e informa de que o recaudado será destinado a Cáritas Interparroquial.

Asociación Chumpá Teatro (Cuntis): *Os intocables*

Referencias varias:

- Fernando Salgado, “El ciclo Teatro de Outono propone la reflexión a través de tres comedias”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, “Vivir en Caldas”, 2 outubro 2019, p. 2.

Dá conta da posta en escena da peza *Os intocables* da Asociación Chumpá Teatro no Auditorio Municipal de Caldas de Reis no marco da programación do ciclo Teatro de Outono organizado por este Concello.

- Suso Souto, “Aguíño presenta una Mostra de Teatro de carácter solidario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Barbanza. Noia”, 3 novembro 2019, p. 35.

Informa da representación da peza *Os intocables* da Asociación Chumpá Teatro no marco da programación da undécima edición da Mostra de Teatro Aficionado Francisco Lorenzo Mariño.

AveLina Pérez & Velpister: *Deixa de tocala, Sam*

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Residencia artística no Salón Teatro co Camiño Escena Norte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 setembro 2019, p. 31.

Informa do comezo do programa Camiño Escena Norte, unhas residencias artísticas que se desenvolveron no Salón Teatro de Santiago e que acolleron, entre outros, o espectáculo *Deixa de tocala, Sam*.

- Montse García, “El Salón Teatro acogerá una decena de espectáculos hasta final de año”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 3 setembro 2019, p. L6.

Dá conta da programación do Salón Teatro de Santiago de Compostela até finais de ano que contará coa representación de *Deixa de tocala, Sam*.

- Andrés Bernárdez, “O mellor teatro galego en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 setembro 2019, p. 26.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela e que contará, entre outras, coa posta en escena da peza *Deixa de tocala, Sam*.

- Montse García, “Unha decena de espectáculos enchen o Salón Teatro na recta final do 2019”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 21 setembro 2019, p. L9.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Montse García, “AveLina Pérez: ‘En ‘Deixa de tocala, Sam’ hai humor, un humor un pouco negro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, “Esta fin de semana”, 21 setembro 2019, p. L9.

Dá conta da función que terá lugar o 21 de setembro ás seis da tarde no Salón Teatro de Santiago de Compostela e ofrece unha breve entrevista con Avelina Pérez, creadora escénica da obra.

ButacaZero: *Despois das ondas*, texto Ernesto Is, dirección Xavier Castiñeira, interpretación Nerea Brey.

Referencias varias:

- Andrea G. G., “Despois das ondas’ chega este venres para homenaxear a actriz María Casares na súa cidade natal”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 1 maio 2019, p. 36.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Despois das ondas* no Teatro Colón de A Coruña. Trátase dun espectáculo que recrea a biografía de María Casares en tres etapas interpretadas por tres actrices distintas.

- Ana Fuentes, “El Concello programa 24 funciones en VigoCultura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 11.

Informa da posta en escena da peza *Despois das ondas* de ButacaZero no marco do programa VigoCultura.

- Mario Nespereira, “Vigo abre el telón de un otoño cultural”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 6.

Informa do arranque da nova edición do ciclo VigoCultura e da inclusión, na súa programación, da peza *Despois das ondas*.

- A. S., “La gran María Casares regresa a las tablas en Vigo interpretada por Belén Constela”, *Faro de Vigo*, “TV/ Espectáculos”, 10 outubro 2019, p. 51.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Despois das ondas* de ButacaZero no Auditorio do Concello de Vigo o 18 de outubro.

- Blanca Paz, “Nerea Brey. ‘Estou nerviosa por actuar na casa, pero tamén teño máis ganas’”, *Diario de Pontevedra*, “Deza”, 17 outubro 2019, p. 3.

Dá conta dunha entrevista a Nerea Brey na que a actriz que encarna a María Casares no espectáculo *Despois das ondas* fala sobre a súa experiencia como actriz e da necesidade e importancia de achegar o teatro ao medio rural.

Cándido Pazó: *Eu non digo nada*

Referencias varias:

- Brais Fdez., “Maxia, teatro, obradoiros, humor e música, protagonistas en Zas”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 21 decembro 2019, p. 47.

Dá conta da programación cultural de Nadal do Concello de Zas, onde contaron, entre outras, con Cándido Pazó e o seu monólogo *Eu non digo nada*.

Casa Hamlet: *O negro das viúvas*

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “A irmandade dos ‘Nobeis do teatro’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 27 marzo 2019, p. 12.

Dá conta da estrea de *O negro das viúvas* unha peza de Casahamlet inspirada en textos de Shakespeare, Cunqueiro, Manuel Lourenzo, Sara Kane e Harold Pinter, na galería coruñesa Portas Ártabras.

Centro Dramático Galego (3): *Neorretranca e posmorriña*, texto baseado en *Fantasia n.º 5 en sol ou non*, de Esther Carrodegua e *Boisaca ou a divina desgraza*, de Roi Vidal, dirección Gena Baamonde, interpretación un elenco de 10 actrices.

Recensións:

- Montse García, “O ADN galego toma a escena”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cine”, 12 abril 2019, p. 9.

Ofrece unha sinopse da última produción propia do CDG a propósito da súa estrea no Salón Teatro de Santiago de Compostela durante o mes de maio. Informa de que é unha peza creada a partir dos textos de Roi Vidal e Esther F. Carrodegua, que o elenco está integrado exclusivamente por mulleres e que a súa temática fundamental ten que ver coa definición da identidade galega.

- Manuel Xestoso, “A nave de Teseo”, *Sermos Galiza*, n.º 343, “fóradeserie”, “teatro”, 25 abril 2019, p. 7.

Comeza resumindo o paradoxo de Teseo para explicar as contradicións coas que se manexa a identidade para dar conta do último espectáculo do CDG, *Neorretranca e posmorriña*, que busca representar a identidade galega como un concepto inaprensible. Dise que a peza está baseada nun texto de Esther F. Carrodegua e outro de Roi Vidal, *Fantasia n.º 5 en sol ou non* e *Boisaca ou a divina desgraza* respectivamente.

- Manuel F. Vieites, “Camiños por andar. Esther F. Carrodegua e Roi Vidal Ponte no CDG”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 718, “Escena”; 20 xuño 2019, p. VIII.

Comeza facendo alusión á profesionalización do sector teatral galego e dalgúñas propostas encamiñadas a este obxectivo, entre as que destacan as experiencias postas en marcha polo CDG baixo o título de *DramaturXa* ou *DramatUrxente*. E continúa analizando o espectáculo *Neorretranca e posmorriña*, primeiro a parte e inspirada no texto de Roi Vidal e despois a inspirada no de Esther F. Carrodegua. Da primeira das partes di que está asentada nun esquema clásico, case aristotélico, e en chave de farsa, onde se recrea un tópico da literatura universal, a catábase. Da segunda di que ten un esquema moito máis abeirado, parecido a un concerto de hip-hop, onde está presente a reivindicación e a denuncia. Na valoración global do conxunto fala dun hiperenxebrismo posmoderno.

Referencias varias:

- J. C., “El Lauro Olmo barquense acoge nueve espectáculos”, *La Región*, “Provincia”, 13 xaneiro 2019, p. 30.

Dá conta dos nove espectáculos que se representarán durante os cinco primeiros meses do ano no teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

- Montse García, “A dramaturxia galega contemporánea vertebra a nova tempada do CDG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xaneiro 2019, p. 35.

Recolle a data de estre da última produción do CDG, *Neorretranca e posmorriña*, así como unha breve achega da súa temática. En relación a isto tamén se mencionan os espectáculos que se estrearán este ano en coprodución co propio Centro Dramático.

- Montse García, “Elenco femenino en el nuevo montaje del CDG”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 9 febreiro 2019, p. L9.

Informa da estrea da última montaxe do CDG, *Neorretranca e posmorriña*, o 11 de abril. Tamén salienta o feito de que o elenco estea composto única e exclusivamente por mulleres.

- Montse García, “O CDG escanea a identidade galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 abril 2019, p. 35.

Dá conta da estrea da nova produción do Centro Dramático Galego o 11 de abril no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Trátase dunha montaxe con pezas de Carrodegas e Vilar Ponte baixo a dirección de Gena Baamonde.

- Lorenzo Fernández, “Chega ‘Neorretranca e posmorriña’ da man do CDG a Compostela”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2019, p. 40.

Informa da estrea da peza *Neorretranca e posmorriña* no Salón Teatro de Santiago o 11 de abril. Trátase do último espectáculo de produción propia do Centro Dramático Galego, cuxa temática xira en torno á cuestión identitaria galega.

- Montse García, “Destacan a aposta do CDG por autores vivos na montaxe ‘Neorretranca e posmorriña’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 10 abril 2019, p. L10.

Dá conta da estrea da peza *Neorretranca e posmorriña* no Salón Teatro de Santiago o 11 de abril. Trátase do último espectáculo de produción propia do Centro Dramático Galego, con pezas de Carrodegas e Vilar Ponte baixo a dirección de Gena Baamonde, cuxa temática xira en torno á cuestión identitaria galega.

- Montse García, “Neorretranca e posmorriña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 12 abril 2019, p. L10.

Dá conta da función desta peza que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela o 12 de abril ás oito e media. O prezo da entrada é de dez euros.

- Montse García, “Neorretranca e posmorriña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 14 abril 2019, p. L10.

Informa da representación desta peza que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela o 14 de abril, día do espectador. O prezo da entrada é de cinco euros.

- Montse García, “Neorretranca e posmorriña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 18 abril 2019, p. L6.

Dá conta da representación de *Neorretranca e posmorriña* no Salón Teatro de Santiago de Compostela e informa de que ao final da función haberá un encontro co elenco.

- Montse García, “Neorretranca e posmorriña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 3 maio 2019, p. L10.

Dá conta da antepenúltima función de *Neorretranca e posmorriña* que terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela o 3 de maio cun prezo de dez euros.

- Seve Nieves, “Neorretranca e posmorriña”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con arte”, 17 maio 2019, p. 15.

Ofrece unha sinopse da peza con motivo da función que terá lugar no Auditorio da Sede Afundación de Pontevedra.

- Alicia Pardo, “O significado de ser galego”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 24 maio 2019, p. 26.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Neorretranca e posmorriña* no Teatro Rosalía de A Coruña os días 24 e 25 de maio.

- S. S., “Nova cita teatral, con ‘Neorretranca e posmorriña’, o 14”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 9 xuño 2019, p. 29.

Informa de que a nova peza do Centro Dramático Galego representarase no auditorio de Rianxo.

- Montse García, “Regresa ‘Neorretranca e posmorriña’ al Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 18 xuño 2019, p. L9.

Dá conta de que a obra *Neorretranca e posmorriña* volverá a representarse no Salón Teatro de Santiago de Compostela entre os días 27 e 30 de xuño con catro novas funcións, a primeira con encontro co elenco ao final.

- Montse García, “Neorretranca e posmorriña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 27 xuño 2019, p. L9.

Anuncia a posta en escena da peza *Neorretranca e posmorriña* no Salón Teatro de Santiago de Compostela o día 27 de xuño.

- Francisco Franco, “Neorretranca y posmorriña”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 28 xuño 2019, p. 13.

Informa da posta en escena da peza *Neorretranca e posmorriña* no auditorio de Afundación de Vigo o 5 de xullo. Trátase dunha montaxe do CDG dirixida por Gena Baamonde que aborda o tema da identidade galega.

Aula de Teatro do **Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra (1)**: *O atraco*, dirección Andrea Bayer

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Entre periodistas anda el juego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Escenario”, 26 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Dá conta da representación da peza *O atraco* no Teatro Principal de Pontevedra e cuxa entrada foi gratuíta.

Aula de Teatro do **Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra (2): *O convento***, dirección Andrea Bayer

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Entre periodistas anda el juego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Escenario”, 26 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Dá conta da representación da peza *O convento* no Teatro Principal de Pontevedra e cuxa entrada foi gratuíta.

Chévere: *Curva España*

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Desvertebrar. Curva España, a última montaxe de Chévere”, *Sermos Galiza*, n.º 367, “*fóradeserie*”, “teatro”, 10 outubro 2019, p. 7.

Comeza explicando a idea do ferrocarril como eixo vertebrador ou estruturador de nacións, temática que está presente na última montaxe de Chévere, *Curva España*. A continuación relaciona a estrea da peza coa súa marcha como compañía residente no auditorio de Teo, e laméntase pola miopía que padece quen toma esta decisión e tantas outras que pasan polo nulo apoio ao sector cultural galego. Despois xa pasa a centrarse máis na peza como tal, e no contido da mesma, e di que “compara os mitos que crea o pobo para xustificar a súa inacción coa mitoloxía moderna creada polo falseamento dos feitos realizado polos medios de comunicación e a súa subordinación ao poder económico e político”.

- Camilo Franco, “Curva Teo”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 201, “Fatiga ocular”, 13 outubro 2019, p. 7.

Comeza facendo alusión ao feito de que Chévere marche, case de maneira forzosa, da súa sede no Concello de Teo. E aporta algúns datos sobre o acordo que a compañía tiña co Concello para o uso do local, podendo usalo como espazo de traballo habitual onde ensaiar, estrear espectáculos, etc. Tamén fai un percorrido pola traxectoria deste grupo durante a súa estancia no auditorio de Teo, loando a grande actividade e a gran programación cultural. Ao mesmo tempo laméntase de que isto chegue ao seu fin e vincúlao co cambio na corporación municipal tras as últimas eleccións. E finalmente fai alusión á Sala Nasa e aos problemas co alcalde de Santiago daquela altura. Esta exposición faise dende a metáfora da curva, de como as cousas viran, como se entrasen nunha curva, e todo isto en relación ao último espectáculo de Chévere, *Curva España*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Chévere pregunta por que se optou pola peor opción no tren galego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xuño 2019, p. 42.

Recolle información relativa ao novo espectáculo da compañía Chévere, *Curva España*, e á súa estrea na MIT o día Da Patria.

- Jaureguizar, “Non todos temos unha curva propia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 187, 9 xuño 2019, p. 8.

A propósito dun artigo que recolle a traxectoria do actor Miguel de Lira alúdese á última peza do grupo Chévere, *Curva España*, de cuxo elenco forma parte o propio de Lira.

- Raquel Vidales, “Ribadavia: medio siglo de resistencia teatral”, *El País*, “Cultura”, “Teatro”, 25 xullo 2019, p. 30.

Recolle un breve repaso da longa traxectoria dun encontro como a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, e tamén ofrece información relativa aos espectáculos e a programación desta edición, con especial atención á estrea da peza *Curva España* da compañía Chévere.

- X. A. Reboiro, “Despedida teatral ao grande”, *La Región*, “Verano”, “Mostra Internacional de Teatro”, 26 xullo 2019, p. 25.

Dá conta da posta en escena da peza *Curva España* no Castelo de Ribadavia o día 25 de xullo no marco da celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

- Sonia Portela, “Un pedaleo de dos mil kilómetros para despertar conciencias”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, “Chévere, sin fronteras”, 20 agosto 2019, contracuberta.

Informa de que a última obra de Chévere foi seleccionada, de entre máis dun millar de propostas, para participar na Feira de Teatro de Ciudad Rodrigo

- X. A. Reboiro, “O festival de teatro capta tamén a atención na rúa”, *La Región*, “Carballiño”, 4 setembro 2019, p. 27.

Informa da programación da segunda xornada do Festival de Teatro Galego entre a que se encontra a peza *Curva España*.

- Montse García, “*Curva España*’, de Chévere, dos días en el Auditorio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 17 setembro 2019, p. L9.

Informa de que a novo espectáculo de Chévere representarase durante dous días no Auditorio de Galicia e ofrece unha pequena sinopse da peza.

- S. N., “*Curva España*”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con arte”, 27 setembro 2019, p. 15.

Achega unha breve sinopse da obra e informa de que se representará no Auditorio Municipal de Verín o 28 de setembro.

- A. R., “A tempada teatral comezará no Barco o día 4 de outubro con multitude de propostas”, *O Sil*, n.º 280, “Cultura”, 4 outubro 2019, p. 28.

Informa da programación dos meses de outubro a decembro do Teatro Lauro Olmo do Barco dentro da cal se encontra a representación de *Curva España*.

- Montse García, “Chévere”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A Escena”, 11 outubro 2019, p. L8.

Dá conta da representación da última obra de Chévere no Auditorio de Galicia os días 11 e 12 de outubro e de que a entrada ten un prezo de doce euros.

- Alicia Pardo, “Os trens perdidos de Galicia”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 14 outubro 2019, p. 8.

Dá conta da posta en escena da peza *Curva España* da compañía Chévere no Teatro Rosalía de A Coruña o 18 de outubro.

- Irene Pin, “Patricia de Lorenzo. ‘Chévere ten unha misión social’”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “*fóradeserie*”, 17 outubro 2019, pp. 4-5.

Recolle unha entrevista á actriz e cofundadora de Chévere Patricia de Lorenzo, na que se lle pregunta, entre outras cousas, polos seus comezos na compañía, polo que se sente ao gañar un Premio Nacional de Teatro, ou sobre como foi crear un proxecto como *Curva España*.

- Sol Elvira, “Lalín le rinde homenaje a Neira Vilas con una muestra en la biblioteca”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes. Melide. Arzúa”, 6 novembro 2019, p. 32.

Dá conta da posta en escena da obra *Curva España* no salón teatro do Concello de Lalín o día 8 novembro con motivo da conmemoración do Día de Neira Vilas.

- Mar M., “Chévere viste o disfraz de detective para analizar un asasinato e o termo España”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 7 novembro 2019, p. 51.

Informa da posta en escena da peza *Curva España* da compañía Chévere no Teatro da Cidade Universitaria do CUVI. Tamén se recollen algunhas impresións a respecto da obra como o feito de ser unha crítica á sociedade actual e unha revisión de como se foi construíndo a nación española.

Colectivo Marciano Balboa: *O inevitable*

Referencias varias:

- Montse García, “Colectivo Marciano Balboa”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Escenas do cambio”, “Programación”, 9 febreiro 2019, p. L9.

Dá conta do debut escenográfico do Colectivo Marciano Balboa no festival Escenas do Cambio coa peza *O inevitable*.

Compañía de Teatro da USC Lugo: *Casa das ilusións*, dirección Paloma Lugilde.

Referencias varias:

- Iván Dacal, “Revolución no escenario”, *La Región*, “Agenda”, “Espectáculo”, 1 maio 2019, p. 18.

Informa da posta en escena dos espectáculos *Casa de ilusións*, da Aula de Teatro Universitaria da USC de Lugo, no marco da celebración da vixésimo cuarta edición da MITEU.

- Rubén Balsameda, “Éxito de la compañía de teatro USC-Lugo en el festival de Toledo”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 7 maio 2019, p. 8.

Dá conta da representación de *Casa de ilusións* no Festival Nacional de Teatro Universitario de Toledo. Sinala que a obra gañou os premios ao mellor elenco, mellor actriz principal e mellor performance ou peza de microteatro.

- Montse García, “Teatro universitario”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Actos hoy”, “A escena”, 14 maio 2019, p. L10.

Dá conta da posta en escena da peza *Casa de ilusións* no Teatro Principal de Santiago de compostela o día 14 de maio.

Contraproducións: *O electo*

Referencias varias:

- Cristina Viu, “El FIOT carballés se suma al #Metoo con Carmen Maura como madrina”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 setembro 2019, p. 34.

Repasa a programación da nova edición do FIOT e destaca, entre outras, a peza de teatro *O electo*.

- Fátima Frieiro, “O teatro galego recalca en Vilagarcía con Chévere, Kukas e Malasombra”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 27 setembro 2019, p. 7.

Informa da programación teatral do segundo semestre do ano de Vilagarcía. O ciclo está promovido conxuntamente entre o Concello e Agadic. Apunta que as entradas serán de cinco euros para o público xeral e de tres para os bonificados. Todas as representacións serán á mesma hora, ás nove da noite e entre elas encóntrase *O electo*.

- Nacho G. Menéndez, “Mourellos. ‘Debuto en el teatro después de 20 años como actor’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cine”, 22 outubro 2019, p. 47.

Dá conta do debut de Antonio Mourellos no mundo do teatro coa estrea da peza *O electo* no marco da celebración do FIOT de Carballo. Tamén se fai alusión á homenaxe que se lle rendeu durante a Semana do Cine de Lugo mediante a presentación dun libro sobre a súa figura e a inauguración dunha placa.

Grupo de Teatro **Dar Trela**: *Cas Rohelia*, dirección Clara Vázquez

Referencias varias:

- Juan Capeáns, “Ramón Orencio López, Mr. Cool. ‘Desde que empecé con la guitarra no volví a aburrirme en la vida’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Compostelanos en su rincón”, 18 febreiro 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista ao músico Ramón Orencio López a propósito da seu papel como intérprete da música ao vivo no espectáculo *Carpe Diem*. Tamén se fai alusión ao seus pasos previos no mundo do teatro coa súa participación nas *Ultranoites* de Chévere.

- Montse García, “Tres días de adulterio e crime no Principal con ‘Carpe diem’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 26 febreiro 2019, p. L9.

Pequena reportaxe sobre o último espectáculo de Producións Teatrais Excéntricas, *Carpe diem*, a partir dunha conversa co seu director, Quico Cadaval en que explica e fai un repaso da obra.

- Montse García, “Carpe Diem”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 28 febreiro 2019, p. L10.

Anuncia a posta en escena da peza *Carpe diem* no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 28 de febreiro.

- Carlos Crespo, “Dúas adaptacións desas que prestixian a nosa escena”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “teatro”, “Estreas Teatrais”, 1 marzo 2019, p. 8.

Dá conta da última función de *Carpe diem* no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 1 de marzo. O prezo da entrada é de doce euros.

- S. S., “Teatro e música en directo no Elma con ‘Carpe diem’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 28 marzo 2019, p. 31.

Informa da representación de *Carpe diem* no Teatro Elma da Pobra o 31 de marzo, obra baseada nun conto de Rubem Fonseca, e de que a entrada será de balde.

- S. N., “Carpe Diem”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con Arte”, 5 abril 2019, p. 15.

Ofrece unha breve sinopse da obra con motivo da representación que terá lugar no Teatro Principal de Ourense o 7 de abril. O prezo da entrada é de seis euros.

- Cibrán Canedo, “Venres teatrais na Laracha”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitada especial”, 3 novembro 2019, p. 37.

Dá conta da posta en escena da peza *Carpe Diem* o día 16 de novembro no marco da celebración do ciclo Venres Teatrais na Laracha.

- Alicia Pardo, “Amor frívolo, soño de celuloide”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 7 novembro 2019, p. 11.

Ofrece unha pequena sinopse e análise da peza *Carpe diem* a propósito da súa posta en escena no Teatro Rosalía de A Coruña o 8 de novembro. Abórdanse, entre outras cuestións, a fonte orixinal da historia e a xénese da idea en Quico Cadaval, algunhas reflexións sobre o proceso de creación da obra e as relacións que establece con outros espectáculos da dramaturxia contemporánea.

- Xaquín Núñez Sabarís, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

A propósito dun artigo onde se analiza a presenza do ‘thriller’ e do suspense na literatura galega faise alusión á montaxe teatral *Carpe Diem* de Quico Cadaval, unha peza na que o fio argumental son dous amantes que organizan un asasinato e que está inspirada no texto dramático do brasileiro Rubem Fonseca.

Producións Teatrais **Excéntricas** (2): *Tres vellas (polo menos)*

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Dous meses de teatro en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2019, p. 35.

Anuncia a posta en escena da peza *Tres vellas (polo menos)* a cargo de Producións Teatrais Excéntricas no auditorio municipal do Concello de Vimianzo no marco da programación cultural desta vila para os dous primeiros meses do ano.

- Brais Fdez., “A Pobra combina os actos para os máis pequenos con opcións para os adultos”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 21 decembro 2019, p. 32.

Dá conta da programación cultural de Nadal do Concello da Pobra do Caramiñal, entre a que se inclúe a posta en escena da peza *Tres vellas (polo menos)* de Producións Teatrais Excéntricas.

Asociación Cultural **Fáiscas** de Arteixo: *Un fiambre, unha rosca e un cancán*

Referencias varias:

- M. Lavandeira, “Fin de semana animado con funcións teatrais en Paiosaco, Vimianzo e Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 abril 2019, p. 35.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Un fiambre, unha rosca e un cancán*, da Asociación Cultural Fáiscas de Arteixo o 12 de abril no marco da celebración da novena edición do ciclo de teatro Primavera Teatral de Poiosaco.

Compañía **A Feroz**: *Afterparty*

Referencias varias:

- Montse García, “A Feroz regresa con su ‘Afterparty’ al Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 1 xuño 2019, p. L10.

Anuncia a posta en escena da peza *Afterparty* da compañía A Feroz no Salón Teatro de Santiago de Compostela o día 1 de xuño.

Gargallada Teatro: *O xogo de Versalles*

Referencias varias:

- M. Lavandeira, “Fin de semana animado con funcións teatrais en Paiosaco, Vimianzo e Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 abril 2019, p. 35.

Dá conta da posta en escena da peza *O Xogo de Versalles* de Gargallada Teatro o 27 de abril no marco da celebración da cuarta edición da Mostra de Teatro Labarta Pose.

- Ana Rodríguez, “El circuito gallego de teatro aficionado recala en Comesaña con cuatro grupos veteranos”, *Faro de Vigo*, “Vigo [4] costados”, 3 setembro 2019, p. 5.

Dá conta da posta en escena da peza *O xogo de Versalles* da compañía Gargallada Teatro o 7 de setembro no marco da celebración da décimo terceira edición do Certame de Teatro Aficionado de San Andrés de Comesaña.

- Montse García, “El teatro aficionado llena el Principal hasta el domingo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 30 outubro 2019, p. L10.

Informa da posta en escena da peza *O xogo de Versalles* de Gargallada Teatro no marco da celebración do Festival de Teatro Aficionado Agustín Magán en Santiago de Compostela.

Ghazafellos Teatro: *Rubicundo*

Referencias varias:

- Brais Fdez., “A Pobra combina os actos para os máis pequenos con opcións para os adultos”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 21 decembro 2019, p. 32.

Dá conta da programación cultural de Nadal do Concello da Pobra do Caramiñal, entre a que se inclúe a posta en escena da peza *Rubicundo* de Ghazafellos Teatro.

Hugo Andrade (1): *A tía Lambida*

Referencias varias:

- L. F., “25 años sobre el escenario”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 26 maio 2019, p. 17.

Informa de que o actor Hugo Andrade fai 25 anos sobre o escenario e que o celebrará a través dunha gala que terá lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán e que acollerá, entre outras, a representación da peza *A tía Lambida*.

Hugo Andrade (2): *Casados de pouco*

Referencias varias:

- L. F., “25 años sobre el escenario”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 26 maio 2019, p. 17.

Informa de que o actor Hugo Andrade fai 25 anos sobre o escenario e que o celebrará a través dunha gala que terá lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán e que acollerá, entre outras, a representación da peza *Casados de pouco*.

Hugo Andrade (3): *O barreño da colada*

Referencias varias:

- L. F., “25 años sobre el escenario”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 26 maio 2019, p. 17.

Informa de que o actor Hugo Andrade fai 25 anos sobre o escenario e que o celebrará a través dunha gala que terá lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán e que acollerá, entre outras, a representación da peza *O barreño da colada*.

Hugo Andrade (4): *O burro que quere aprender*

Referencias varias:

- L. F., “25 años sobre el escenario”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 26 maio 2019, p. 17.

Informa de que o actor Hugo Andrade fai 25 anos sobre o escenario e que o celebrará a través dunha gala que terá lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán e que acollerá, entre outras, a representación da peza *O burro que quere aprender*.

Hugo Andrade (5): *Picadura mortal*

Referencias varias:

- L. F., “25 años sobre el escenario”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 26 maio 2019, p. 17.

Informa de que o actor Hugo Andrade fai 25 anos sobre o escenario e que o celebrará a través dunha gala que terá lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán e que acollerá, entre outras, a representación da peza *Picadura mortal*.

Ibuprofeno Teatro (1): *Casa O’Rei. Traxicomedia gastronómica*, Premio María Casares 2019 nas categorías Mellor música orixinal e Mellor actor protagonista a Miguel Borines, dramaturxia Santiago Cortegoso, interpretación Marián Bañobre, Miguel Borines, Xosé M. Esperante e Víctor Mosqueira

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Dous meses de teatro en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2019, p. 35.

Anuncia a posta en escena da peza *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica* a cargo de Ibuprofeno Teatro no auditorio municipal do Concello de Vimianzo no marco da programación cultural desta vila para os dous primeiros meses do ano.

- J. M., “Función teatral en Vimianzo da man de Ibuprofeno e a obra ‘Casa O'Rei’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 9 febreiro 2019, p. 34.

Informa da representación desta peza no Auditorio de Vimianzo o 9 de febreiro no marco da programación de inverno teatral da vila. As entradas son de cinco euros, menos para as persoas maiores de sesenta e cinco anos e o alumnado que é de dous euros e medio.

- S. S., “Sigue la Mostra e Teatro en Ribeira con ‘Bernarda’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 9 outubro 2019, p. 30.

Informa da programación da Mostra de Teatro de Ribeira entre a que destaca *Bernarda*, de Malasombra e *Casa O'Rei*, de Ibuprofeno Teatro.

- J. C., “El ciclo teatral de otoño de Viana incluye tres representaciones”, *La Región*, “Provincia”, 10 outubro 2019, p. 23.

Informa da programación do VI Ciclo de Outono Teatral de Viana do Bolo entre a que se encontra a obra *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica*.

- S. N., “23 actuacións no Auditorio e no Principal”, *La Región*, “Rede Galega de Teatros e Auditorios”, “Programación”, 10 outubro 2019, pp. 34-35.

Recolle a programación das 23 actuacións que programou a Rede Galega de Teatros e Auditorios no Concello de Ourense, onde se representará, entre outras, a peza *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica* de Ibuprofeno Teatro.

- Cibrán Canedo, “Casa O'Rei’ chega hoxe ao Principal”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 21 novembro 2019, p. 42.

Dá conta da posta en escena da peza *Casa O'Rei* da compañía Ibuprofeno Teatro no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 21 de novembro. Trátase da peza coa que a compañía completa a triloxía gastronómica e está baseada nun texto de Santiago Cortegoso.

- S. N., “Casa O'Rei”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 13 decembro 2019, p. 15.

Informa da representación da obra *Casa O'Rei*, unha peza da compañía Ibuprofeno baseada nun texto de Santiago Cortegoso, que estará no Teatro Principal de Ourense o 14 de decembro.

Ibuprofeno Teatro (2): *O furancho*

Referencias varias:

- M. M., “Ciclo de teatro desde Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 abril 2019, p. 33.

Anuncia a posta en escena da peza *O furancho* a cargo de Ibuprofeno Teatro o día 27 de abril no marco da celebración do Ciclo de Teatro do Concello de Negreira.

- M. T., “Volven as Noites Espectaculares a Carnota o día 27”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Muros. Noia”, 9 outubro 2019, p. 31.

Dá conta de que o 27 de outubro representárase *O furancho* no salón de actos do consistorio de Carnota no marco das Noites Espectaculares de Carnota que forman parte da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Ibuprofeno Teatro (3): *Raclette*, dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- C. Estévez, “Melide pecha o venres o seu ciclo de teatro para adultos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes. Melide. Arzúa. Deza”, 10 abril 2019, p. 32.

Informa da posta en escena da peza *Raclette* a cargo de Ibuprofeno Teatro como punto de partida para a celebración dun ciclo de teatro para adultos organizado polo Concello de Melide.

- Antón Ferreira, “A Guarda se llena de teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 13 outubro 2019, p. 20.

Informa da representación do espectáculo *Raclette* no Centro Cultural de A Guarda o 25 de outubro. Trátase dunha peza de Ibuprofeno Teatro dirixida por Santiago Cortegoso e multipremiada que aborda temas universais como a morte, a parella, a maternidade, a cobiza, a culpa e a violencia.

- Cibrán Canedo, “Venres teatrais na Laracha”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitada especial”, 3 novembro 2019, p. 37.

Dá conta da posta en escena da peza *Raclette* o día 8 de novembro no marco da celebración do ciclo Venres Teatrais na Laracha.

- Fernando Franco, “¡Qué guerra la tuya, Vuku!”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 30 outubro 2019, p. 11.

Dá conta dos proxectos nos que se ve involucrada a actriz Déborah Vukusic a propósito da estrea do seu último espectáculo, desta forma fai unha breve alusión á peza *Raclette* da compañía Ibuprofeno Teatro.

Inversa Teatro: *Sofía e as postsocráticas*, dirección Marta Pérez.

Referencias varias:

- Iván Dacal, “Sócrates contra o machismo”, *La Región*, “Agenda”, “Teatro”, 8 febreiro 2019, p. 18.

Dá conta da posta en escena da peza *Sofía e as postsocráticas* de Inversa Teatro na Casa da Cultura Manuel María do Concello de Barbadás. Trátase dun espectáculo que reflexiona sobre o problema social da violencia a linguaxe machista a través de casos e cousa concretas.

- Chito Rivas, “Inversa Teatro e a violencia machista”, *La Región*, “Opinión”, “Recuncho hebdomadario”, 11 febreiro 2019, p. 18.

Comparte as súas impresións sobre a peza *Sofía e as postsocráticas* despois do seu visionado na Casa da Cultura de Barbadás. A respecto da peza di que se presenta coma unha dose de realidade e conciencia sobre a lacra da violencia machista.

Ítaca Teatro: *Cinco minutos sen respirar*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Música y escena para el domingo”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 11 marzo 2019, p. 6.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Cinco minutos sen respirar* de Ítaca Teatro no Auditorio Gustavo Freire de Lugo o 10 de marzo no marco da programación cultural do Concello de Lugo.

La Quintana Teatro: *Desde o invisible*

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Residencia artística no Salón Teatro co Camiño Escena Norte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 setembro 2019, p. 31.

Informa do comezo do programa Camiño Escena Norte, unhas residencias artísticas que se desenvolveron no Salón Teatro de Santiago e que acolleron, entre outros, o espectáculo *Desde o invisible*.

- Andrés Bernárdez, “O mellor teatro galego en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 setembro 2019, p. 26.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela e que contará, entre outras, coa posta en escena da peza *Desde o invisible*.

- Montse García, “Unha decena de espectáculos enchen o Salón Teatro na recta final do 2019”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 21 setembro 2019, p. L9.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para os últimos meses do ano que, como sempre, terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Montse García, “Desde o invisible”, premio Max, se estrena en gallego en el Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Teatro”, 23 outubro 2019, p. L9.

Informa da posta en escena da peza *Desde o invisible* no Salón Teatro de Santiago de Compostela os días 24, 25, 26 e 27 de outubro. Tamén ofrece unha breve sinopse da trama e as personaxes principais da obra.

Lila Teatro: *Rara avis*

Referencias varias:

- M. T., “Trece espectáculos en el Outono Teatral de Outes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 19 setembro 2019, p. 34.

Informa da posta en escena do espectáculo *Rara avis* de Lila Teatro no marco da celebración da vixésimo cuarta edición do ciclo Outono Teatral de Outes.

- R. L., “Produtos artesanís no Camiño Francés”, *El Progreso*, “*Feira de Artesanía en Triacastela*”, 27 setembro 2019, p. 50.

Informa da representación da peza *Rara avis* de Lila Teatro no marco da novena edición da Feira de Artesanía e Produtos da Zona de Triacastela.

Malasombra Producións (1): *D.E.P. Unha comedia de morte!*, dirección Marcos Orsi. texto Antón Gómez e Jordi Sánchez.

Referencias varias:

- M. N., “Tres meses con 37 propostas de artes escénicas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 xaneiro 2019, p. 16.

Informa da programación da nova tempada de Vigocultura que terá lugar entre os meses de febreiro e abril.

- Fernando Salgado, “El ciclo Teatro de Outono propone la reflexión a través de tres comedias”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, “Vivir en Caldas”, 2 outubro 2019, p. 2.

Dá conta da posta en escena da peza *D.E.P. Unha comedia de morte!* De Malasombra Producións no Auditorio Municipal de Caldas de Reis no marco da programación do ciclo Teatro de Outono organizado por este Concello.

Malasombra Producións (2): *Go on!*

Referencias varias:

- Montse García, “Go on”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 18 xaneiro 2019, p. L7.

Dá conta da posta en escena da peza *Go on!* de Malasombra Producións no Salón Teatro de Santiago de Compostela o día 18 de xaneiro ás 20.30 horas.

- María Cano, “Obradoiros, teatro e música para celebrar o Nadal na comarca”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Muros. Noia”, 10 decembro 2019, p. 33.

Informa da programación cultural de Nadal da comarca de Noia-Muros. Do Concello de Carnota destaca a posta en escena, entre outras, da peza *Go on!* a cargo de Malasombra Producións.

Marelas Teatro: *Liberto*

Referencias varias:

- R. L., “El colectivo Pussy Riot encabezará los actos festivos del Día de la Mujer”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 febreiro 2019, p. 8.

Dá conta da programación para conmemorar o Día da Muller Traballadora na cidade de A Coruña, entre a que destaca a representación da peza *Liberto* de Marelas Teatro no Teatro Colón.

- M. G. M., “Non todo é bonito e ten tons pasteis na maternidade”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 2 marzo 2019, p. 37.

Informa da posta en escena da peza *Liberto* de Marelas Teatro no Teatro Colón de A Coruña. Trátase dunha obra que reflexiona sobre o tema da maternidade dende un punto de vista non idealizado.

Melania Cruz, Tito Asorey, A Quinta do Cuadrante, *O empapelado amarelo*, texto Charlotte Perkins Gilman

Referencias varias:

- S. N., “O empapelado amarelo”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con Arte”, 25 xaneiro 2019, p. 15.

Ofrece unha sinopse da obra con motivo da función que terá lugar no Auditorio Municipal de Ourense o 27 de xaneiro.

Mofa e Befá: *Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Venres Culturais do máis ‘cool’ no inverno carballedés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xaneiro 2019, p. 31.

Recolle a programación do ciclo Venres Culturais organizado polo Concello de Carballo, onde se representará, entre outras, a peza *Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira* de Mofa e Befá.

- Montse García, “Teatro con fines didácticos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 15 marzo 2019, p. L10.

Informa de que o estudantado de Santiago de Compostela puido gozar durante unha semana de varias actividades culturais entre as que se encontraba o espectáculo *Cranios privilexiados... ou crítica da razón perralleira*.

- M. L., “Malpica estende a Mostra de Teatro aos comercios e espazos de hostalaría”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 outubro 2019, p. 34.

Dá conta da programación da XV edición da Mostra de Teatro de Malpica entre a que se encontra *Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira*. Tamén comenta que este ano a oferta esténdese a comercios e espazos hosteleiros da vila.

Teatro **Mutis**: *Non hai ladrón que por ben non veña*, dirección Xoán Manuel Fernández

Referencias varias:

- E. Pouso, “Representación teatral ‘Non hai ladrón que por ben non veña’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 16 febreiro 2019, p. 33.

Informa da función desta peza na casa de cultura de Outes o 17 de febreiro ás oito da tarde. Comenta que a obra é da autoría de Darío Fo, cunha adaptación galega de Agustín Agra. A entrada é de balde.

Muxicas Teatro: *O inspector*, dirección e adaptación Melania Cruz e tito Asorey.

Referencias varias:

- E. P., “Muros pone en marcha la XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. O Sar. Costa da Morte”, 22 abril 2019, p. 24.

Dá conta da programación da XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros entre a que se encontra *O inspector*.

Nova Escena Teatro: *As fillas de Eva*

Referencias varias:

- M. M., “El Iescha contará en su programa de otoño con cine, música y teatro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 outubro 2019, p. 21.

Informa da programación cultural de outono organizada polo Instituto de Estudos Chairegos e que contará, entre outras, coa posta en escena da peza *As fillas de Eva* da compañía Nova Escena Teatro.

- Montse García, “El teatro aficionado llena el Principal hasta el domingo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 30 outubro 2019, p. L10.

Informa da posta en escena da peza *As fillas de Eva* de Nova Escena Teatro no marco da celebración do Festival de Teatro Aficionado Agustín Magán en Santiago de Compostela.

Sarabela Teatro (2): *Normas para saber vivir na sociedade actual*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Talía Teatro abre a Semana das Artes Escénicas de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte. Barbanza. Noia”, 19 agosto 2019, p. 25.

Dá conta do arranque da quinta edición da Semana de Teatro e das Artes Escénicas Á EsCEEa e da programación que se desenvolverá no Auditorio Baldomero Cores. Entre as pezas mencionadas está o espectáculo *Normas para saber vivir na sociedade actual* de Sarabela Teatro.

- M. R. L., “Malasombra presentará hoxe a obra ‘Bernarda’ na Semana de Teatro de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 agosto 2019, p. 30.

Dá conta da chegada ao tramo final da Semana de Teatro de Cee coa posta en escena, entre outras, da peza *Normas para saber vivir na sociedade actual* a cargo da compañía Sarabela Teatro.

- J. C., “El grupo Sarabela Teatro lleva su última obra a Trives”, *La Región*, “Valdeorras”, 5 setembro 2019, p. 23.

Informa de que se representará a peza *Normas para saber vivir na sociedade actual* no auditorio Julio Vázquez da Pobra de Trives e ofrece unha sinopse da obra.

- O. D., A. P., “Actividades previas ao 25-N contra a violencia de xénero”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 novembro 2019, p. 43.

Dá conta da representación da peza *Normas para saber vivir na sociedade actual* da compañía Sarabela Teatro no marco da conmemoración do 25-N do Concello de O Pino.

Sarabela Teatro (2): *O secuestro da bibliotecaria*

Referencias varias:

- M. V., “Ludonadal, teatro e cinema”, *La Región*, “Especial Navidad”, “Navidad en la Provincia”, “Vilar de Santos”, “Programa”, 21 decembro 2020, p. 10.

Dá conta da posta en escena da obra *O secuestro da bibliotecaria* de Sarabela Teatro no Salón de Actos da Casa do Concello de de Vilar no marco da súa programación de Nadal.

Talía Teatro: *O servidor de dous anos*

Referencias varias:

- Gloria Montenegro, “Tui presenta su programación cultural con una amplia oferta de espectáculos y eventos”, *Faro de Vigo*, “Louriña. Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, “Porriño. Mos. Tui. Tomiño. O Rosal. A Guarda. Salceda de Caselas”, 30 xaneiro 2019, p. 14.

Dá conta dos seis espectáculos que se representarán durante os meses de primavera no Teatro Municipal de Tui.

- Seve Nieves, “O servidor de dous anos”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 1 febreiro 2019, p. 15.

Achega unha sinopse da obra con motivo da función que terá lugar no Teatro Municipal de Tui o 1 de febreiro. O prezo da entrada será de cinco euros.

Tarabela Creativa: *Tabú*, dirección Carmen Conde.

Referencias varias:

- Nacho G. Menéndez, “Carmen Conde. ‘Hay historias muy duras como testimonios de violaciones’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 14 abril 2019, p. 51.

Recolle unha entrevista á humorista Carmen Conde a propósito da xira que realizou por Galicia co seu espectáculo *Tabú*. Trátase dunha peza que repasa a vida erótico-festiva das galegas entre os 70 e 95 anos a través do humor e da reflexión.

-O. U. V., “Carmen Conde porá hoxe o seu tendal no Forum Metropolitano para narrar historias ‘tabú’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 28 maio 2019, p. 36.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Tabú* de Carmen Conde no Forum Metropolitano de A Coruña no marco da programación do festival *Elas son Artistas*.

- Mila Méndez, “Carmen Conde. ‘Os palleiros son unha institución na vida sexual das nosas avoas’”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 29 maio 2019, p. 34.

Recolle unha entrevista a Carmen Conde, directora e intérprete do espectáculo *Tabú*, onde verte as súas impresións a respecto do proceso de creación da peza así como dos encontros coas mulleres cuxas historias sexuais dan base a esta montaxe.

Teatro do Noroeste (1): *A cabeza do Bautista*, texto Valle-Inclán

Referencias varias:

- X. F., “Teatro do Noroeste leva de xira a súa montaxe baseada en tres pezas de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xaneiro 2019, p. 33.

Informa de que o 18 de xaneiro comezará a xira da nova peza de Teatro do Noroeste, baseado en tres textos de Valle-Inclán: *Ligazón*, *A cabeza do Bautista* e *A rosa de papel*. A estrea será na Casa da Cultura de Bertamiráns mais comenta que seguirá en Santiago de Compostela, Coruña, no Barco e en Ourense.

Teatro do Noroeste (2): *A rosa de papel*, texto Valle-Inclán

Referencias varias:

- X. F., “Teatro do Noroeste leva de xira a súa montaxe baseada en tres pezas de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xaneiro 2019, p. 33.

Informa de que o 18 de xaneiro comezará a xira da nova peza de Teatro do Noroeste, baseado en tres textos de Valle-Inclán: *Ligazón*, *A cabeza do Bautista* e *A rosa de papel*. A estrea será na Casa da Cultura de Bertamiráns mais comenta que seguirá en Santiago de Compostela, Coruña, no Barco e en Ourense.

Teatro do Noroeste (3): *Da avaricia, a luxuria e a morte*, texto Valle-Inclán

Referencias varias:

- X. F., “Teatro do Noroeste leva de xira a súa montaxe baseada en tres pezas de Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xaneiro 2019, p. 33.

Informa de que o 18 de xaneiro comezará a xira da nova peza de Teatro do Noroeste, baseado en tres textos de Valle-Inclán: *Ligazón*, *A cabeza do Bautista* e *A rosa de papel*. A estrea será na Casa da Cultura de Bertamiráns mais comenta que seguirá en Santiago de Compostela, Coruña, no Barco e en Ourense.

- J. C., “El Lauro Olmo barquense acoge nueve espectáculos”, *La Región*, “Provincia”, 13 xaneiro 2019, p. 30.

Dá conta dos nove espectáculos que se representarán durante os cinco primeiros meses do ano no teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

- Montse García, “Teatro do Noroeste trae á actualidade a avaricia e luxuria descritas por Valle-Inclán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 24 xaneiro 2019, p. L6.

Ofrece unha pequena reportaxe sobre *Da avaricia, a luxuria e a morte* a partir dunha conversa co director da peza, Eduardo Alonso, con motivo dos dous espectáculos que ofrecerán no Teatro Principal de Santiago de Compostela os días 24 e 25 de xaneiro de 2019. O prezo da entrada é de doce euros.

- S. N., “Da avaricia, a luxuria e a morte”, *La Región*, “*La Revista*”, “Con Arte”, 25 xaneiro 2019, p. 15.

Ofrece unha sinopse da obra con motivo da función que terá lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela o 25 de xaneiro.

- Cibrán Canedo, “Dous meses de teatro en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2019, p. 35.

Anuncia a posta en escena da peza *Da avaricia, a luxuria e a morte* a cargo de Teatro do Noroeste no auditorio municipal do Concello de Vimianzo no marco da programación cultural desta vila para os dous primeiros meses do ano.

- M. G. M., “A necesidade de que Valle-Inclán fale en galego e baile con títeres e figuras de aire”, *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 36, 23 febreiro 2019.

Dá conta da posta en escena da peza *Da avaricia, a luxuria e a morte* a cargo de Teatro do Noroeste no Teatro Rosalía de A Coruña. Trátase dunha adaptación ao galego do texto de Valle-Inclán.

Os Quinquilláns: *Language planning*

Referencias varias:

- M. M., “Ciclo de teatro desde Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 abril 2019, p. 33.

Anuncia a posta en escena da peza *Language planning* a cargo de Os Quinquilláns o día 8 de abril no marco da celebración do Ciclo de Teatro do Concello de Negreira.

Palimoco Teatro: *Quen ocupa esa cadeira?*

Referencias varias:

- Rubén Balmaseda, “Lugilde dirige hoy una nueva función de ‘Quen ocupa esa cadeira?’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 16 febreiro 2019, p. 10.

Dá conta da representación de *Quen ocupa esa cadeira?*, trinta monólogos da man de actores da escola Palimoco Teatro dirixidos por Paloma Lugilde.

A **Panadaría/ Centro Dramático Galego (CDG)**: *Elisa e Marcela*, texto Esther F. Carrodegas, dirección Gena Baamonde

Referencias varias:

- F. F., “A nova tempada de teatro trae a Vilagarcía a premiada ‘Elisa e Marcela’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 10 xaneiro 2019, p. 5.

Informa da programación teatral de Vilagarcía a partir do mes de marzo organizada polo Concello da vila e Axencia Galega de Industrias Culturais. Entre as pezas que se representarán encóntrase *Elisa e Marcela* o 30 de marzo.

- S. I., “El Concello vilalbés programa más de 20 actividades culturales hasta noviembre”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 setembro 2019, p. 18.

Informa da programación cultural dos meses de setembro, outubro e novembro do concello de Vilalba. Destaca a representación de *Elisa e Marcela* que terá lugar no mes de outubro.

- Montse García, “Oito espectáculos en sete localidades galegas desde o 22 de setembro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Camiño Escena Norte”, “A iniciativa”, 9 outubro 2019, p. L9.

Informa da posta en escena da peza *Elisa e Marcela* do CDG no marco da celebración do proxecto escénico entre Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco Camiño Escena Norte.

- S. S., “Ribeira pecha con teatro, entradas a concertos e sorteos a ruta de tapas de Arousa-Norte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 29 novembro 2019, p. 39.

Informa da posta en escena da peza *Elisa e Marcela* no Auditorio Municipal do Concello de Ribeira no marco da quinta edición da ruta ‘Arousa-Norte + que tapas’.

Pistacatro Productora de Soños (1): *Alma (non é hippie)*

Referencias varias:

- M. M., “Ciclo de teatro desde Negreira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 abril 2019, p. 33.

Anuncia a posta en escena da peza *Alma (non é hippie)* a cargo de Pistacatro Productora de Soños o día 13 de abril no marco da celebración do Ciclo de Teatro do Concello de Negreira.

Pistacatro Productora de Soños (2): *Arnoia, Arnoia: o circo da casa pequena* texto Xosé Luís Méndez Ferrín, dirección Quico Cadaval

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Dous meses de teatro en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2019, p. 35.

Anuncia a posta en escena da peza *Arnoia*, *Arnoia: o circo da casa pequena* a cargo de Pistacatro Productora de Soños no auditorio municipal do Concello de Vimianzo no marco da programación cultural desta vila para os dous primeiros meses do ano.

- A. R., “A tempada teatral comezará no Barco o día 4 de outubro con multitude de propostas”, *O Sil*, n.º 280, “Cultura”, 4 outubro 2019, p. 28.

Informa da programación dos meses de outubro a decembro do Teatro Lauro Olmo do Barco dentro da cal se encontra a representación de *Arnoia*, *Arnoia*.

Teatro da **Ramboia**: *O meu mundo non é deste reino ou farsa de Bululú*

Referencias varias:

- S. N., “O meu mundo non é deste reino”, la farsa de Bululú”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 4 novembro 2019, p. 60.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *O meu mundo non é deste reino* da compañía Teatro da Ramboia no Auditorio Municipal de Ourense. Trátase dunha peza que narra as peripecias de dous trapeiros no reino de Bululú.

Redrum Teatro (2): *Invisibles*, dirección Marián Bañobre, texto Montse Fajardo, interpretación Sheyla Fariña, Mela Casal e Nieves Rodríguez.

Referencias varias:

- Montse García, “A dramaturxia galega contemporánea vertebrada a nova tempada do CDG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xaneiro 2019, p. 35.

Recolle a data de estre da última produción do CDG, *Neorretranca e posmorriña*, así como unha breve achega da súa temática. En relación a isto tamén se mencionan os espectáculos que se estrearán este ano en coprodución co propio Centro Dramático, entre as que se atopa a peza *Invisibles*.

- Cibrán Canedo, “Dous meses de teatro en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2019, p. 35.

Anuncia a posta en escena da peza *Invisibles* a cargo de Redrum Teatro no auditorio municipal do Concello de Vimianzo no marco da programación cultural desta vila para os dous primeiros meses do ano.

- Gloria Montenegro, “Tui presenta su programación cultural con una amplia oferta de espectáculos y eventos”, *Faro de Vigo*, “Louriña. Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, “Porriño. Mos. Tui. Tomiño. O Rosal. A Guarda. Salceda de Caselas”, 30 xaneiro 2019, p. 14.

Dá conta dos seis espectáculos que se representarán durante os meses de primavera no Teatro Municipal de Tui.

- S. N., “Invisibles’: la violencia de género sobre las tablas”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda de ocio”, “Teatro”, 25 marzo 2019, p. 60.

Informa da representación do espectáculo *Invisibles* de Redrum Teatro no Auditorio de Verín o 29 de marzo. Trátase dunha peza que invita a reflexionar sobre a violencia de xénero e contribuír a loitar contra a súa invisibilización.

- S. N., “Invisibles”, *La Región*, “La Revista”, “Con Arte”, 29 marzo 2019, p. 15.

Ofrece unha breve sinopse da obra con motivo da función que terá lugar no auditorio de Verín o 29 de marzo. O prezo da entrada é de cinco euros.

- Cuca M. Gómez, “Entre el cine y el teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 3 maio 2019, pp. 62-63.

Dá conta das dúas funcións de *Invisibles* no Teatro Principal de Pontevedra: unha primeira para estudantado e outra para público xeral.

- ECG, “Tres montaxes do CDG para celebrar o 17 de maio no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 maio 2019, p. 37.

Dá conta da programación posta en marcha no Salón Teatro polo CDG para celebrar o Día das Letras Galegas. Entre as propostas está a representación da peza *Invisibles* de Redrum Teatro.

- Á. P., “Montse Fajardo achega a Caldelas unha visión da violencia machista con Invisibles”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 26 xuño 2019, p. 16.

Anuncia a posta en escena da peza *Invisibles* o día 29 xuño no colexio Cordo Boullosa de Ponte Caldelas como parte da programación cultural deste Concello.

- Blanca Paz, “Lalín ofrecerá en setembro doce actividades de cine, música, teatro y títeres”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Deza. Tabeirós”, “Deza. Tabeirós”, 29 agosto 2019, p. 2.

Informa da presentación da programación do mes de setembro que fixo a concelleira de cultura de Lalín, Begoña Blanco, e entre a que se encontra a peza *Invisibles*.

- Ana Fuentes, “El Concello programa 24 funciones en VigoCultura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 11.

Informa da posta en escena da peza *Invisibles* de Redrum Teatro no marco do programa VigoCultura.

- Mario Nespereira, “Vigo abre el telón de un otoño cultural”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 6.

Informa do arranque da nova edición do ciclo VigoCultura e da inclusión, na súa programación, da peza *Invisibles*.

- N. G. M., “Redrum achegará ‘Invisibles’ a catro escenarios de Lugo en novembro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 setembro 2019, p. 36.

Informa da xira que realizará por Galicia a obra *Invisibles*, de Redrum Teatro, e achega tamén unha breve sinopse da peza.

- J. M. Ramos, “Outono teatral con magosto e festa de Samaín en Muxía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Ribeira. Costa da Morte”, 7 outubro 2019, p. 23.

Comenta a programación cultural de Muxía entre a que se encontra a posta en escena do espectáculo de Redrum Teatro o 2 de novembro no salón de actos da vila.

- Montse García, “Outras dúas coproducións do CDG recalarán en Santiago este ano”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 16 outubro 2019, p. L10.

Anuncia a posta en escena da peza *Invisibles* de Redrum Teatro no Salón Teatro de Santiago durante o primeiro trimestre do próximo ano no marco da programación da sala para esa tempada.

- R. L., “Redrum Teatro llega a Muxía con la obra ‘Invisibles’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 2 novembro 2019, p. 33.

Dá conta da clausura do ciclo de Outono Cultural do Concello de Muxía coa representación da peza *Invisibles* no Salón de Actos do Voluntariado.

- Fernando Miranda, “Invisibles”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Morrazo”, “No café Fénix”, 26 outubro 2019, contracuberta.

Dá conta da posta en escena da peza *Invisibles* no Centro Social do Mar de Bueu o 27 de abril. Trátase dunha peza que pretende facer ver, a través de sete testemuños reais, as problemáticas da lacra da violencia machista.

- Cibrán Canedo, “Teatro de Outono en Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 12 novembro 2019, p. 38.

Dá conta da celebración dunha nova edición do Ciclo de Teatro de Outono de Boqueixón así como da súa programación, entre a que cita a posta en escena da peza *Invisibles* o 1 de decembro.

- A. F., “Obra de teatro sobre violencia machista en Goián”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 22 novembro 2019, p. 25.

Dá conta da posta en escena da peza *Invisibles* no Auditorio de Goián o 24 de novembro no marco da programación cultural organizada pola Deputación de Pontevedra.

Grupo Sangu de Dragón do Aturuxo Melpómene: *Algo pasa con Paco*

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “El circuito gallego de teatro aficionado recala en Comesaña con cuatro grupos veteranos”, *Faro de Vigo*, “Vigo [4] costados”, 3 setembro 2019, p. 5.

Dá conta da posta en escena da peza *Algo pasa con Paco* da compañía Aturuxo de Melpómene o 21 de setembro no marco da celebración da décimo terceira edición do Certame de Teatro Aficionado de San Andrés de Comesaña.

- A. Rodríguez, “El festival de teatro aficionado de Comesaña llega a su ecuador”, *Faro de Vigo*, “Vigo [4] Costados”, 17 setembro 2019, p. 7.

Fai un repaso pola programación do XIII Certame de Teatro Aficionado de Comesaña informando da data e a hora á que se representará cada peza de teatro. Concretamente, *Algo paso con Paco* porase en escena o sábado 21 de setembro.

- Suso Souto, “Aguíño presenta una Mostra de Teatro de carácter solidario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Barbanza. Noia”, 3 novembro 2019, p. 35.

Informa da representación da peza *Algo pasa con Paco* do Grupo Sangu de Dragón do Aturuxo Melpómene no marco da programación da undécima edición da Mostra de Teatro Aficionado Francisco Lorenzo Mariño.

Sarabela Teatro: *Celebración, a gran noite*, dirección Daniel Salgado, texto Fernando Dacosta

Referencias varias:

- S. N., “Celebración’: el necesario debate sobre la exclusión”, *La Región*, “Soceidad”, “Agenda de ocio”, “Teatro”, 10 xuño 2019, p. 52.

Ofrece unha breve sinopse da peza con motivo da función que terá lugar no Salón Teatro de Lalín o 14 de xuño.

Treixadura: *Inda canto*

Referencias varias:

- J. C., “El Lauro Olmo barquense acoge nueve espectáculos”, *La Región*, “Provincia”, 13 xaneiro 2019, p. 30.

Dá conta dos nove espectáculos que se representarán durante os cinco primeiros meses do ano no teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras.

Escola de Teatro **Valle-Innova**: *Memorias da árbore na noite triste* texto de Fátima Rey

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Embriaguez emocional”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Teatro”, 16 febreiro 2019, pp. 62-63.

Dá conta da representación de *Memorias da árbore na noite triste*, en que se reviven as últimas horas de Valle-Inclán, no Liceo Casino.

Volta e Dálle Teatro: *Rodesindo da Barrosa*

Referencias varias:

- E. A. R., “La cultura, el arma del programa Feiras Activas en Lestedo y Rodiño”, *La Voz de Galicia*, “El Comarcal”, n.º 5, “Boqueixón”, 31 xullo 2019, p. 29.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Rodesinso da Barrosa* na localidade de Rodiño no marco do programa Feiras Activas de Lestedo e Rodiño.